



FACULTADE DE FILOLOXÍA

Mantemento e transmisión da lingua galega:  
unha achega ás familias da área de Compostela

Traballo de Fin de Grao

Pedro Iglesias Buján  
Grao en Lingua e Literatura Galegas  
Titor: X. Henrique Monteagudo Romero  
Curso académico 2021/2022

Mantemento e transmisión da lingua galega:  
unha achega ás familias da área de Compostela

Mantenimiento y transmisión de la lengua gallega:  
aproximación a las familias del área de Compostela

Maintenance and transmission of the Galician language:  
an approach to the families in the area of Compostela

**Formulario de delimitación do título e resumo**  
Traballo de Fin de Grao curso 2021/2022

APELIDOS E NOME:	Iglesias Buján, Pedro
GRAO EN:	Lingua e Literatura galegas
(NO CASO DE MODERNAS) MENCIÓN EN:	
TITOR/A:	X. Henrique Monteagudo
LIÑA TEMÁTICA ASIGNADA:	Sociolingüística, política lingüística e estandarización

SOLICITO a aprobación do seguinte título e resumo:

**Título:** Mantemento e transmisión da lingua galega: unha achega ás familias da área de Compostela.

**Resumo** [na lingua en que se vai redacta-lo TFG; entre 1000 e 2000 caracteres]:

O meu Traballo de Fin de Grao tentará abordar o estudo dos procesos de mantemento e transmisión da lingua galega nas familias da área de Compostela. Esta zona, destacada pola súa heteroxeneidade, non só a nivel lingüístico, senón tamén social e territorial, é de moito interese para o campo da sociolingüística, sendo ademais unha das áreas galegas máis extensas e poboadas. Para o seu estudo, empregaranse datos de pesquisas realizadas polo Instituto Galego de Estatística (IGE), de indole cuantitativa e relativos ao coñecemento e uso do galego. Asimesmo, farase uso da información recollida nos traballos da materia de Sociolingüística desde o ano 2005, co estudo de casos de familias de todo o territorio galego e relativos á transmisión e mantemento lingüístico ao longo de tres xeracións. O Traballo de Fin de Grao analizará os modelos de familias en función dos procesos de mantemento e cambio de lingua, tentando poñelos en relación con variables de tipo social, como son o hábitat e o estatus, e a evolución destas súas variables en distintos membros da unidade familiar ao longo das súas respectivas traxectorias biográficas.

Santiago de Compostela, 10 de novembro de 2021.

<p>Sinatura do/a interesado/a</p> 	<p>Visto e prace (sinatura do/a titor/a)</p> <p>MONTEAGUDO ROMERO HENRIQUE XOSE - 33245766W</p> <p>Firmado digitalmente por MONTEAGUDO ROMERO HENRIQUE XOSE - 33245766W Fecha: 2021.11.11 11:05:46 +01'00'</p>	<p>Aprobado pola Comisión do Traballo de Fin de Grao coa data</p> <p><b>15 NOV. 2021</b></p> <p>Selo da Facultade de Filoloxía</p> 
---	--	---

SRA. PRESIDENTA DA COMISIÓN DO TRABALLO DE FIN DE GRAO

Eu, don Pedro Iglesias Buján, con DNI 46289024Y, declaro que o presente Traballo de Grao é orixinal e que non empreguei fontes de información sen citalas debidamente no corpo e na bibliografía do mesmo.

Mantemento e transmisión da lingua galega:  
unha achega ás familias da área de Compostela

Índice de contidos

1.INTRODUCCIÓN .....	6
1.1.ÁREA ESTUDADA. AS SÚAS PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS .....	10
2.METODOLOXÍA.....	12
3.TIPOLOXÍA DAS FAMILIAS EN RELACIÓN Á TRANSMISIÓN INTERXERACIONAL .....	15
4.PRESENTACIÓN DOS DATOS .....	18
3.1 A PRIMEIRA XERACIÓN .....	19
3.1.1 Perfil e traxectoria biográfica.....	19
3.1.2 Actitudes lingüísticas: prexuizos e visións de futuro .....	25
3.2 A SEGUNDA XERACIÓN .....	27
3.2.1 Perfil e traxectoria biográfica.....	27
3.2.2 Actitudes lingüísticas: prexuizos e visións de futuro .....	32
3.3 A TERCEIRA XERACIÓN .....	34
3.3.1 Perfil e traxectoria biográfica.....	34
3.3.2 Actitudes lingüísticas: prexuizos e visións de futuro .....	38
5.ANÁLISE DOS DATOS: AS FAMILIAS DE COMPOSTELA NA TRANSMISIÓN INTERXERACIONAL .....	40
6.CONCLUSIÓNS .....	46

## 1. INTRODUCCIÓN

O presente traballo ten como obxectivo o estudo do mantemento e a transmisión da lingua galega no contexto familiar ao longo de tres xeracións na área de Santiago de Compostela, tentando debuxar un panorama que comprende dende o século pasado ata os nosos días. Preténdese, desta maneira, contribuír a explicar a evolución da situación sociolingüística (presente e futura) de Galicia, e máis en concreto da súa capital, grazas aos datos lingüísticos, sociais e culturais que nos ofrecen as familias da contorna.

En primeiro lugar, cómpre definir os conceptos de transmisión interxeracional e mantemento lingüístico. Denominamos transmisión interxeracional ao proceso polo cal unha lingua se transmite dos proxenitores aos seus descendentes no seo das familias (Monteagudo, Loredó e Vázquez 2016). Este é un proceso chave na supervivencia dunha lingua, e máis se cabe nunha lingua que non ten apoio institucional, e que, polo tanto, consideramos minorizada. Isto deriva en diferentes tipos de comportamento por parte dos falantes, que poden ser de mantemento lingüístico<sup>1</sup>, de perda interxeracional da lingua ou de recuperación<sup>2</sup> (Monteagudo, Loredó e Vázquez 2016). Segundo se produza ou non o fenómeno da transmisión interxeracional, atopamos familias que transmiten a lingua herdada, familias que non transmiten a lingua herdada e outras nas que, existindo previamente un proceso de perda da transmisión, volveron á lingua herdada de xeracións anteriores.

En cada contexto familiar se forman os seus membros, que clasificamos en perfís lingüísticos segundo como se comporten no proceso de transmisión e mantemento. No contexto galego, atopamos tres perfís diferenciados: neofalantes ou galeguizados (recuperadores), galegofalantes de orixe galega (mantedores) ou desgaleguizados (substitutivos, que provocan a perda interxeracional). Para linguas en situación de diglosia, como é a do galego, debemos considerar un último perfil, o que denominamos

---

<sup>1</sup> Entendemos como mantemento lingüístico, polo tanto, o proceso no que a transmisión interxeracional é efectiva.

<sup>2</sup> Ramallo 2012 (seguindo a William 1987, 2005) considera estes tres procesos, aos que denomina “reproducción” (o caso dos mantedores), “producción” (galeguizados) e “non reproducción” (desgaleguizados). O propio autor construíu un modelo no que contempla as dinámicas que teñen relevancia en cada un dos diferentes comportamentos, establecendo a familia, o sistema educativo e a comunidade do falante como principais focos condicionantes.

falantes bilingües funcionais ou adaptativos<sup>3</sup>, que empregan indistintamente a lingua minorizada e a maiorizada dependendo do contexto e a función (Monteagudo, Loredó e Vázquez 2016).

**Táboa 1**  
Clasificación básica dos grupos lingüísticos segundo o uso lingüístico dos proxenitores co informante e o uso do informante en 9 ámbitos.

		Lingua que lles falaban os proxenitores cando eran pequenos				
		Galego	Máis galego	Máis castelán	Castelán	Outras
Uso nos 9 ámbitos (IUA9)	Sempre	Galegofalantes de orixe predominantemente galega		Galegofalantes de orixe predominantemente non galega / Neofalantes		
	Moito/bastante					
	Intermedio	Funcionais de orixe galega	Funcionais de orixe castelá	Funcionais doutras orixes		
	Pouco/moi pouco	Castelanfalantes de orixe predominantemente galega/ Desgaleguizados		Castelanfalantes de orixe predominantemente castelá		Castelanfalantes de orixe 'outras'
	Nada					

Véxase Monteagudo, Loredó e Vázquez 2018, *Lingua e sociedade en Galicia: resumo de resultados 1992-2016*. Páx. 111. O cadro mostra a tipoloxía dos grupos lingüísticos elaborada por estes autores, en base aos seguintes criterios: lingua na que foron educados e Índice de Uso Lingüístico, tomado a partir de 9 ámbitos concretos, que pretenden representar a totalidade do uso de galego do falante: uso cos amigos, compañeiros de estudo, compañeiros de traballo, uso no comercio, no banco, no médico, uso coa administración, uso coa parella e uso cos descendentes. Para este traballo, destácase este último uso como o máis importante.

No caso particular da lingua galega, o mantemento e a transmisión da lingua no ámbito familiar é un factor fundamental (Monteagudo, Loredó e Vázquez 2016, seguindo a Fishman 1991), e podemos afirmar que a vitalidade do galego nos nosos días é fortemente dependente das dinámicas que se desenvolven neste ámbito. Cando falamos do caso galego, é necesario ter en conta a nula presenza institucional e a non oficialidade que durante anos tivo a nosa lingua, factores que medraron aínda máis durante o réxime franquista, e que a condenaron a un proceso de perda de falantes durante todo o pasado século. Este proceso foi denominado “proceso de substitución lingüística vertical” (Monteagudo 2021), comezou nas élites sociais e nos poderes políticos e foi achegándose co paso dos anos ás camadas intermedias das cidades, e posteriormente das áreas periurbanas. O castelán, que no século XIX tiña unha profunda asociación de clase, dominado só polas clases sociais e intelectuais altas, obtivo presenza durante o século XX nas clases sociais subalternas. As áreas rurais foron as que máis conservaron o galego

<sup>3</sup> Monteagudo, Loredó e Vázquez en *Lingua e sociedade en Galicia: resumo de resultados 1992-2016* (2018) engaden unha tipoloxía dentro deste grupo lingüístico, diferenciando entre “falantes funcionais de orixe galega”, “falantes funcionais de orixe castelá” e “falantes funcionais doutras orixes”, segundo a lingua que lles foi transmitida por parte dos pais.

durante a ditadura, protexéndoa e conservándoa como un símbolo identitario da súa clase social e do seu territorio (Monteagudo 2021).

Ademais, é necesario facer fincapé nas mudanzas que experimentou a sociedade galega en termos de distribución demográfica, onde tamén houbo cambios significativos no último século. Galicia, que era maioritariamente rural no século XX, leva moitos anos experimentando a urbanización dun amplo sector da poboación, e un consecuente debilitamento das áreas rurais, tamén afectada pola forte pegada da emigración na clase traballadora galega. Chegando á actualidade, o aumento significativo do acceso á educación, na que o galego non tivo presenza historicamente, a xa establecida sociedade liberal e globalizada na que vivimos e a revolución das novas tecnoloxías (Subiela 2010) constitúen algúns dos factores máis castelanizantes da sociedade galega nos nosos días.

Se botamos man dos datos do Instituto Galego de Estatística recollidos pola Real Academia Galega, podemos percibir claramente como está a afectar o proceso de transmisión interxeracional á lingua galega. Se un 41% da poboación de Galicia aprendeu a falar exclusivamente en galego (existe unha porcentaxe do 25% que aprendeu en galego e castelán indistintamente), só un 31% emprega o galego de maneira exclusiva<sup>4</sup>, o que quere dicir que un 10% da poboación galega actual abandonou, total ou parcialmente, o uso do galego no seu día a día (datos do IGE do 2013). Isto traduciríase, polo tanto, na perda interxeracional da lingua dentro das súas familias, que non só ocorre neste casos: ademais dos desgaleguizados, existe un perfil de falante que diferencia a súa lingua habitual con respecto á que se dirixe aos membros das xeracións máis novas, dentro e fóra da familia. A consecuencia desta perda interxeracional do galego reflíctese no uso habitual da lingua por grupos de idade: se no grupo de idade de maiores de 65 anos atopamos un 48% de galegofalantes habituais, no grupo de 5 a 14 anos só un 14% empregan o galego como lingua habitual (IGE 2018).

Torres (2009) elaborou o Índice de transmisión lingüística (ITI) para o catalán, calculado a partir da porcentaxe de persoas ás que se lles foi transmitido o galego por parte dos proxenitores e aquelas que transmitiron o galego ao seus fillos, comparando ambas

---

<sup>4</sup> Esta porcentaxe fai referencia só aos monolingües en galego. Se temos en conta os falantes bilingües, a porcentaxe de persoas que empregan o galego de maneira habitual é máis elevada (64,4%), aínda que este grupo non faga uso do galego na totalidade dos seus ámbitos.

porcentaxes, o que dá lugar á seguinte fórmula<sup>5</sup>:  $ITI = \frac{\%LTF - \%LTP}{100}$ . Este índice é moi usado para entender cuantitativamente o proceso de transmisión e mantemento lingüístico, e foi reformulado posteriormente por Strubell i Trueta (2009), que creou o Índice de cambio lingüístico<sup>6</sup> (ICL), calculado do seguinte xeito:  $\frac{\%LTF - \%LTP}{\%LTF}$ . O primeiro índice é absoluto, o outro relativo, pois depende da poboación de partida, polo que valora máis a importancia do aumento ou diminución no contexto concreto. Estes dous índices foron adaptados para o galego por Loredó (2015), que creou o ITIgal e o ICIgal, empregados nas diferentes recollidas de datos (Mapa Sociolingüístico de Galicia 1992, IGE 2003-2008-2013) para amosar o crecemento ou decrecemento da transmisión interxeracional da lingua galega en cifras concretas.

Indicador	Variables	Fórmula	Poboación	Enquisa
<i>ITIgal</i>	LTP=% da lingua galega transmitida prioritariamente polos proxenitores (lingua que lle falaban os pais cando era neno) LTF=lingua cos fillos	$\frac{\%LTF - \%LTP}{100}$	Selección de persoas con proxenitores e fillos	MSG-1992 IGE-2003
<i>ICIgal</i>	LTP=% da lingua galega transmitida prioritariamente polos proxenitores (lingua que lle falaban os pais cando era neno) LTF=lingua cos fillos	$\frac{\%LTF - \%LTP}{\%LTF}$	Selección de persoas con proxenitores e fillos	IGE-2008 IGE-2013

Véxase Monteagudo, Loredó e Vázquez 2016, *Lingua e Sociedade en Galicia: a evolución sociolingüística 1992-2013*. Páx. 79.

Unha vez explicado como se calculan ambos índices, podemos outorgar valores cuantitativos á transmisión e mantemento lingüístico das familias de Galicia:

<sup>5</sup> LTP= % de persoas ás que lles foi transmitida prioritariamente a lingua galega polos seus proxenitores cando eran nenos (lingua que lle falaban os pais cando era neno).

LTF= % de persoas que transmitiron prioritariamente o galego aos fillos.  
(véxase Monteagudo, Loredó e Vázquez: 2016 páxina 79)

<sup>6</sup> Enténdase cambio lingüístico como “unha modificación que nunha situación de contacto atinxe ao uso dunha ou outra lingua”. (Monteagudo 2012)

Evolución da transmisión interxeracional do galego familiar a través dos indicadores de transmisión lingüística e cambio lingüístico. 1992-2013



Véxase Monteagudo, Loredó e Vázquez 2018, “Lingua e Sociedade en Galicia: resumo de resultados 1992-2016”. Páx. 20.

Este proceso non se pode explicar sen facer referencia a unha serie de características, por un lado ao prestixio do castelán fronte ao galego, e por outro aos diferentes comportamentos xa mencionados que experimentou a sociedade galega nos últimos anos. Un exemplo destes comportamentos é o éxodo rural da poboación cara as cidades, maioritariamente na procura dunha mellora na situación laboral ou, máis xeralmente, de promoción social e mellora das condicións de vida, o que provocou un importante crecemento demográfico e un maior desenvolvemento das zonas urbanas, maioritariamente castelanfalantes, onde residiron desde o seu inicio as clases acomodadas. Isto provocou a adopción do castelán por parte de moitas familias do rural galego, como un mecanismo de integración social por unha banda, e de prestixio e ascenso social por outra (Monteagudo, Loredó e Vázquez 2018). Isto é o que podemos percibir no gráfico anterior, nos anos 90, onde máis se acentuou este proceso. Posteriormente, chegamos a un período que poderíamos denominar de “leve recuperación” nos dous índices, que precede a outra caída ata chegar á actualidade. O ICIgal recolle valores mínimos, que algúns autores atribúen á socialización secundaria dos fillos (maioritariamente a escola, que segue sendo actualmente un gran foco castelanizante) e non tanto á primaria (Monteagudo, Loredó e Vázquez 2018; William 1987; Nandi, Monteagudo e Loredó 2020), onde a familia tende máis a conservar a lingua das xeracións pasadas. En definitiva, a transmisión interxeracional do galego chegou a unha cifras paupérrimas, sendo esta a principal responsable da vitalidade da lingua ata os nosos días, o que pode ameazar a súa supervivencia a medio ou longo prazo.

Dende o punto de vista da sociolingüística, as áreas urbanas teñen un enorme interese, por ser as que viviron máis de cerca todos os procesos xa comentados. Máis aínda se poñemos o foco na transmisión lingüística nas familias que viven nas ditas zonas, que son as que experimentaron máis tales situacións (cambio de residencia, adaptación a novos ambientes sociais, etc.) durante as súas vidas. En xeral, os núcleos urbanos son os que experimentan un maior dinamismo demográfico e constitúen o marco dunha maior diversidade de grupos sociais.

### 1.1 ÁREA ESTUDADA. AS SÚAS PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS

A área de estudo neste traballo é a de Santiago de Compostela. Trátase dunha área de grande diversidade demográfica e cultural, e de maior interese, polo tanto, desde o punto de vista da sociolingüística. Ademais, é unha área da que existen un bo número de análises previas, tanto cuantitativas como cualitativas. Véxase, nomeadamente, *Mapa Sociolingüístico escolar de Ames*, Monteagudo, Gómez, Loredó e Vázquez 2021 e os datos que nos ofrece o IGE, entre outras enquisas e estudos realizados. Estes traballos permitíronnos levar a cabo un primeiro achegamento.

A comarca de Santiago de Compostela está formada polos concellos de Ames, Boqueixón, Brión, Santiago de Compostela, Teo, Val do Dubra e Vedra. En total, acolle unha poboación total de 170.627 habitantes (datos de 2021 do IGE), que para ser unha comarca na que atopamos un núcleo urbano, non é un número moi elevado (só hai que comparar cos 402.866 habitantes da comarca da Coruña). Por este motivo, a comarca de Santiago é interesante dende o punto de vista demográfico: a área metropolitana da cidade non é esencialmente urbana, como si é o caso de Vigo ou A Coruña<sup>7</sup>, polo que a poucos kilómetros do centro da cidade podemos atopar concentracións de poboación de tipo rural, e cun modo de vida moi diferente. Isto ten como consecuencia unha situación sociolingüística que nada ten que ver coa doutras comarcas urbanas de Galicia.


Para contextualizar sociolingüísticamente a comarca de Santiago de Compostela, é preciso poñer en valor algúns datos relativos ao uso da lingua. Segundo os datos do IGE, o 64,4% dos habitantes da comarca compostelá empregan o galego habitualmente, sexan

---

<sup>7</sup> Vigo, A Coruña, Pontevedra e Ferrol son as cidades do coñecido como “eixo atlántico” (Nandi, Monteagudo e Loredó 2020), onde se produciu o maior desenvolvemento socioeconómico do país. Esta zona é a que concentra a gran maioría de poboación de Galicia, e na que existe un maior número de castelanfalantes (maior inmigración, xente procedente do rural, etc.). As cidades do interior, Santiago de Compostela, Lugo e Ourense sufriron menos este proceso, o que as levou a conservar máis o galego. Temos, polo tanto, dous “eixos” diferenciados en termos lingüísticos e socioeconómicos.

galegofalantes de orixe galega, persoas galeguizadas ou persoas que empregan galego e castelán indistintamente. Se comparamos estes datos cos das comarcas doutros núcleos urbanos, como A Coruña (32%), Vigo (38,4%), Ferrol (22,5%) ou Pontevedra (35, 3%), a cifra de persoas que empregan o galego é elevado, semellante ao das outras cidades de interior, Lugo (58,7%) e Ourense (55,3%). Aínda así, podemos observar que a cifra de Santiago de Compostela é a máis elevada de todas (cómpre dicir que é a máis elevada en porcentaxe, xa que se miramos cifras absolutas, o número de habitantes é moi dispar entre as diferentes comarcas).

Isto leva a considerar a capital como “a cidade do galego” (Monteagudo, Loredó e Vázquez 2018), non só por ser a cidade con máis falantes habituais (mantedores, galeguizados e falantes funcionais), senón tamén por ser a que menos desgaleguizados ten (só un 3,9% fronte a un 12,3% que ten, por exemplo, Ferrol). Observamos o papel de Santiago de Compostela como unha zona de mantemento do galego nas clases urbanas, mais tamén como un foco de aparición de novos falantes (un 4,3% de galeguizados, a porcentaxe máis alta de todo o país). Isto ten que ver co papel que xoga a cidade compostelá como capital política e centro cultural galego, cunha clase media urbana (tamén presente noutras cidades, formada intelectualmente) que conserva a lingua como elemento de reivindicación étnica e política (Monteagudo, Loredó e Vázquez 2018) (Nandi, Monteagudo e Loredó 2020). Ademais disto, é preciso ter en conta a xa mencionada situación territorial da cidade, moito menos “urbanizada” que outras como A Coruña ou Vigo, e que conta con numerosos núcleos de carácter rural na súa periferia, que tenden a conservar máis o galego, ao non ter existido ese éxodo cara a urbe, sen esa necesidade de inclusión social nun novo contexto.



Véxase Monteagudo, Loredó e Vázquez 2018, “Lingua e Sociedade en Galicia: resumo de resultados 1992-2016”. Páx. 27. Na figura, podemos observar a distribución dos diferentes grupos lingüísticos nas comarcas de cada unha das cidades. Santiago presenta as cifras máis favorables para o galego, xunto coas demais urbes do interior. As cidades do litoral, pola contra, son as máis castelianizadas.


Dentro das diferentes familias desta zona atopamos cada un dos grupos xa mencionados de xeito global e cuantitativo, mais só entrando en casos concretos é posible describir con detalle este panorama sociolingüístico tan especial. Este traballo tentará, a continuación, xustificar este achegamento inicial á comarca de Santiago de Compostela grazas aos testemuños de diferentes familias que viven ou viviron nesta área.

## 2. METODOLOXÍA

Para realizar unha achega de tipo cualitativo á transmisión e mantemento do galego nas familias da área de Santiago de Compostela, botamos man dalgúns dos traballos da materia de Sociolingüística galega, que forma parte da programación do Grao en Lingua e Literatura galegas da Universidade de Santiago de Compostela, impartida polo profesor Henrique Monteagudo. Nestes traballos, cada un dos alumnos e alumnas da materia debía seleccionar unha familia, realizando unha entrevista a un membro de cada unha das últimas tres xeracións.

O formato das entrevistas é libre, aínda que lixeiramente orientado, polo que a cantidade de información que resulta delas é moi extensa e variada, con moitas anécdotas e

vivencias persoais de interese. Nesta entrevista xorden preguntas sobre a lingua inicial de cada un dos informantes, a súa lingua habitual, como a adaptan segundo o contexto, a visión sociolingüística que teñen sobre o galego, algún prexuízo, expectativas de futuro en relación á lingua, etc. Todas elas cuestións moi relevantes para o estudo da transmisión interxeracional da lingua en familias de toda Galicia. Todos estes testemuños serviron para establecer un panorama moi extenso e detallado de toda a xeografía galega, máis se cabe das zonas urbanas e periurbanas, de onde proceden moitos dos estudantes do grao e de onde atopamos a maior cantidade de traballos. Como xa foi mencionado, poñeremos o foco de atención na área de Santiago de Compostela, onde atopamos numerosos testemuños dende 2005 (ano no que se comezaron a recoller estes traballos co seu fin académico) ata a actualidade, grazas ao abundante número de estudantes desta área que cursan a materia, dos cales só seleccionaremos unha pequena parte, co fin de elaborar un plano detallado dela.



Fonte: ILG. No mapa aparecen reflectidos os concellos dos que, a través das familias entrevistadas, consta información no Arquivo da Lingua das Familias (ALFA). Como é posible apreciar, a rede xa conta con certa amplitude que, co paso dos anos, se ampliará grazas á incorporación de novos traballos dos seguintes cursos académicos (cómpre advertir que o mapa está actualizado ata o curso 2019/2020, polo que é posible que algúns concellos que figuran sen datos xa formen parte da rede de puntos).

Todos os traballos forman parte dun corpus organizado no Instituto da Lingua Galega (ILG) co fin de recoller e ordenar datos de interese sobre o historial sociolingüístico das familias galegas. Todos os traballos están numerados en orde cronolóxica dende o

primeiro curso (2005/2006) ata o curso actual. Polo tanto, para facer referencia ás familias e aos diferentes traballos, empregárase o número que teñen asignado no corpus (exemplo: “a terceira xeración da familia 203 (ou X3-203) naceu en Bélxica, ao ser filla de emigrantes..”). Desta maneira, non se amosan datos persoais dos alumnos que colaboraron cos seus traballos na elaboración deste valioso corpus.

O resultado final foi a selección dun pequeno conxunto que consta de vinte e cinco traballos, dende o curso 2020/2021 (máis actual) ata o 2013/2014, co único criterio de que nas familias polo menos un membro nacesse nalgún dos concellos da comarca de Santiago de Compostela. Esta delimitación foi algo flexible nun inicio, xa que tamén se tiveron en conta na pesquisa os concellos limítrofes: Trazo, Oroso, A Baña, Negreira, Rois, Padrón, O Pino, Touro, etc., por ser concellos cunha certa cercanía á cidade compostelá, o que condiciona en termos de mobilidade a vida destas áreas. Finalmente, polo gran número de traballos recollidos, cada unha das familias seleccionadas teñen estritamente un membro nacido na comarca compostelá.

Cada un destes traballos foi analizado en base a uns criterios iniciais: lingua inicial das tres xeracións, lingua habitual, mudanza ou non de lingua nalgún momento das súas vidas, prexuízos e expectativas cara o galego, etc., todos eles en base aos cambios de residencias que tiveron lugar en cada contexto familiar. Estes factores son os principais á hora de elaborar un panorama relativo ao mantemento e á transmisión do galego en Santiago de Compostela, habendo sempre lugar a outros matices exclusivos de cada familia, que tamén serán tidos en conta á hora de facer a análise.

En conclusión: o enfoque deste traballo terá, en primeiro lugar, un carácter máis analítico, tentando aplicar os conceptos aquí presentados (grupos lingüísticos, lingua habitual, lingua inicial, etc.) ao fenómeno da transmisión interxeracional, e elaborando desta maneira unha tipoloxía que estableza diferentes perfís de familias segundo se comporten neste fenómeno. Unha vez definida a dita tipoloxía, cómpre expoñer os datos que achegaron os diferentes informantes do corpus, centrando a atención nun primeiro momento en cada individuo, tal e como foi tratado nos traballos. Presentados estes datos, só queda poñer en conxunto os diferentes perfís arredor das familias, analizar como transcorreu a transmisión da lingua galega en cada unha delas e tentar establecer cales foron os factores que a fixeron efectiva ou, pola contra, que a romperon nalgunha etapa do historial familiar.

### 3. TIPOLOXÍA DAS FAMILIAS EN RELACIÓN Á TRANSMISIÓN INTERXERACIONAL

Antes de expoñer a proposta de tipoloxía das familias en base á transmisión interxeracional, é preciso recuperar algúns datos xa comentados na introdución do traballo, moi pertinentes de novo nesta ocasión. Como xa foi mencionado, o 41% dos galegos e galegas na actualidade (datos do IGE do ano 2013) recibiron exclusivamente por parte dos seus proxenitores a lingua galega, e só un 31% dos galegos e galegas actualmente empregan exclusivamente o galego no seu día a día<sup>8</sup>. Este notable diferenza nos datos é un dos principais obxectos de estudo da sociolingüística galega, que tenta dar explicación ao proceso de perda progresiva de falantes nas últimas décadas. Nos estudos de carácter cuantitativo da transmisión do galego, que manexan unha gran cantidade de información, elaborouse a tipoloxía xa comentada na introdución<sup>9</sup>, poñendo en común os datos de lingua inicial (lingua que recibiron dos seus proxenitores) e lingua habitual (lingua que falan habitualmente). Ademais, tamén foi introducido o ITIgal, elaborado por Loredó e Monteagudo (2017) en base aos estudos anteriores de Torres (2009), referencia no estudo do catalán, cuxo obxectivo era o de atribuír valores cuantitativos á transmisión interxeracional, e ten un carácter absoluto e xeral. O certo é que ningunha destas aportacións centran por completo o seu obxecto de estudo na familia, como si o centran no individuo e na súa traxectoria vital.

Por iso, collendo como referencia os estudos de transmisión lingüística interxeracional xa comentados, tentarase adaptar unha tipoloxía co fin de clasificar o conxunto das familias segundo como se comporten, durante tres xeracións, no proceso de transmisión do galego.

Esta é, polo tanto, a proposta de tipos de familia atendendo á transmisión interxeracional do galego:

- Mantedoras: conservan o galego ao longo das tres últimas xeracións.

$$G(X1) - G(X2) - G(X3)$$

- Asimiladas: conservan o castelán ao longo das tres últimas xeracións.

$$C(X1) - C(X2) - C(X3)$$

---

<sup>8</sup> Véxase páx. 5.

<sup>9</sup> Véxase páx. 4.

- Substitutivas: romperon a cadea de transmisión interxeracional nunha das últimas tres xeracións. Distinguimos entre:

- Substitutivas 1-2: a X1 recibe o galego, mais transmite o castelán.

$$G(X1) - C(X2) - C(X3)$$

- Substitutivas 2-3: a X2 recibe o galego, mais transmite o castelán.

$$G(X1) - G(X2) - C(X3)$$

- Recuperadoras: existindo un proceso de substitución, restableceron a cadea de transmisión interxeracional nalgunha das últimas tres xeracións.

- Recuperadoras 1-2: a X1 recibe o castelán, mais transmite o galego.

$$C(X1) - G(X2) - G(X3)$$

- Recuperadoras 2-3: a X2 recibe o castelán, mais transmite o galego.

- $G/C(X1) - C(X2) - G(X3)$

Esta tipoloxía atende exclusivamente á transmisión interxeracional, considerando que a X3 é a xeración máis nova da familia e que, polo tanto, aínda non tivo descendencia. As etiquetas C ou G para definir ao castelán e ao galego na X1, X2 e X3 teñen que ver coa lingua que lles transmitiron os seus proxenitores (lingua inicial), e non coa habitual de cada individuo (que terían máis relación coa transmisión intraxeracional e a evolución biográfica de cada xeración como falantes). Ilustramos isto cun exemplo: unha familia na que a X3 está formada por un individuo recuperador (é dicir, unha persoa que recibiu como lingua inicial o castelán, mais decide empregar como lingua habitual o galego) non pode ser considerada recuperadora, xa que a X3 aínda non transmitiu, ao non ter descendencia, ningunha das dúas linguas a unha hipotética X4. Polo tanto, neste caso a familia seguiría sendo considerada asimilada, ata que a X3 decidise transmitir o galego.

Por outra banda, a lingua que transmite cada xeración á súa descendencia reflíctese sempre na seguinte xeración. Por este motivo, pode existir o caso dunha familia na que X1 sexa falante habitual de castelán e transmita o castelán, mais leve a etiqueta G(X1) (galego), por ser esa a súa lingua inicial, a que lle foi transmitida por X0.

Elaborando esta tipoloxía, estamos tendo en conta a heteroxeneidade de perfís lingüísticos das familias nun contexto de contacto de linguas como é o do galego. Co fin de facer máis

simple e efectiva a propia tipoloxía, para poder ser manexable en grandes cantidades de datos, non tivemos en conta os casos de bilingüismo inicial como un tipo illado, senón que incluimos dentro das etiquetas C e G os casos de +C (máis castelán) e +G (máis galego)<sup>10</sup>. Reforza esta idea o feito de que, aínda que o fenómeno do bilingüismo é o máis extendido e o grupo lingüístico dos falantes funcionais é maioritario, as familias tenden a unificar (ou dar máis valor) a unha das linguas no proceso de transmisión lingüística interxeracional, ou ben os descendentes tenden a prevalecer unha das dúas linguas nos seus primeiros anos de vida.

Se consideramos a dita tipoloxía en relación ás familias, podemos establecer outra queña que ver cos individuos, segundo a lingua que transmitan aos seus descendentes<sup>11</sup>. Deste maneira, un individuo pode ser considerado, segundo transmita unha ou outra lingua:

- Transmisor: se transmite o galego, sendo esta a lingua que lle foi transmitida.
- Asimilador: se transmite o castelán, sendo esta a lingua que lle foi transmitida.
- Interruptor: se transmite o castelán, sendo o galego a lingua que lle foi transmitida.
- Recuperador: se transmite o galego, sendo o castelán a lingua que lle foi transmitida.

Do mesmo xeito que na tipoloxía das familias, tentamos dar valores absolutos a casos que poden ter moitas variacións. Se temos en conta, por exemplo, un individuo que transmite ambas linguas aos descendentes, poñemos o foco en que lingua adoita prevalecer (máis galego ou máis castelán). Se transmite máis o castelán, recibindo de seus pais o galego, sería interruptor; se, pola contra, recibiu o castelán, sería asimilador. Aínda así, existe un caso concreto de contacto entre linguas que debemos destacar, e é o das familias nas que dous proxenitores transmiten cadansúa lingua, sen mudar en ningún momento, sendo polo tanto un deles monolingüe en galego e outro monolingüe en castelán. Estas familias poderíanse considerar “bilingües plenas”, xa que non podemos destacar unha das dúas linguas como lingua inicial da descendencia, á que lle chegan ambas por igual. Aínda que cada un dos individuos, neste caso, son por unha banda transmisor ou recuperador, e por outra interruptor ou asimilador, o conxunto dos dous formaría un proceso de

---

<sup>10</sup> Collendo como referencia Monteagudo 2012.

<sup>11</sup> Baseándonos na tipoloxía de falantes segundo a lingua que lles foi transmitida e a súa lingua habitual (ver páx.4)

bilingualización<sup>12</sup>. Neste caso, podemos considerar á descendencia como bilingües iniciais, e indicalo coa etiqueta G/C. Segundo a lingua que transmita nun futuro a dita descendencia, podemos considerar á familia bilingüe mantedora, recuperadora ou substitutiva (segundo se a persoa que recibiu ambas linguas transmite unha ou outra). Se elaboramos un esquema seguindo o exposto anteriormente, o resultado sería o seguinte:

- Bilingüe mantedora: G/C(X1) - G(X2) ou G/C(X2) - G(X3)
- Bilingüe substitutiva: G/C(X1) - C(X2) ou G/C(X2) - C(X3)
- Bilingüe recuperadora: G/C(X1) - C(X2) - G(X3)

As ditas tipoloxías están, en todo caso, orientadas a posibles traballos de carácter cuantitativo, que non permiten incidir e exemplificar con casos concretos. No que respecta a este traballo, cunha mostra máis reducida, si podemos entrar en particularidades de cada familia, e barallar situacións que poden non ser abarcables por un perfil concreto de familia e/ou de individuo.

#### 4. PRESENTACIÓN DOS DATOS

Unha vez realizado o estudo do corpus e establecida a tipoloxía, cómpre agrupar e expoñer os datos que ofrece o conxunto de traballos e informantes. Dividimos a información nas diferentes xeracións de cada familia, analizando por separado a xeración máis vella, a intermedia e a máis nova (ás que chamaremos X1, X2 e X3 respectivamente<sup>13</sup>). Desta maneira, podemos establecer unha división temporal dos datos, para posteriormente elaborar un estudo comparativo entre distintas realidades sociolingüísticas dos membros da familia (mediados do século XX cando nace a primeira xeración, finais do século XX cando nace a intermedia e inicios do século XXI cando nace a terceira). Ademais, tamén é relevante, por suposto, a localidade de nacemento de

---

<sup>12</sup> Neste caso concreto, podemos falar de parella bilingüizadora, o que converte á familia en bilingüe, aínda que os membros da dita parella sexan monolingües. Para denominar un individuo como bilingüizador, este terá que empregar indistintamente as dúas linguas coa súa descendencia (é un caso con menor frecuencia). A presenza deste individuo tamén converte á familia en bilingüe no paso da súa xeración á seguinte.

<sup>13</sup> Para referirnos a un individuo en concreto dentro dunha das tres xeracións da familia, empregaremos o número da familia (número que lle corresponde no corpus) máis a abreviatura da xeración á que pertence. É dicir, unha nomenclatura do tipo “X2-214” refírese á 2ª xeración da familia que leva o número 214 no corpus.

cada xeración, para comprender como influíron os diferentes cambios de residencia na actitude lingüística de cada individuo, e no conxunto xeral da familia.

Antes de analizar, polo tanto, o conxunto das familias, porase o foco nos datos relativos aos individuos agrupados nas diferentes xeracións.

### 3.1 A PRIMEIRA XERACIÓN

#### 3.1.1 Perfil e traxectoria biográfica

En primeiro lugar, expoñemos os datos relativos á X1. Os membros desta xeración naceron entre a década dos 30 e a dos 50 na súa maioría, polo que viviron os seus primeiros anos nun contexto de ditadura franquista e dunha Galicia principalmente rural e mariñeira (Monteagudo, Loredó e Vázquez 2016), cun reparto poboacional moi disperso en pequenas aldeas e vilas. Por este motivo, os membros desta primeira xeración naceron en pequenos núcleos e adicáronse na súa maioría ao sector primario na súa xuventude. Eles viviron en primeira persoa a evolución que experimentou a sociedade galega por volta dos anos 70 e 80, que pasou de ser moi tradicional e ruralizada a experimentar a chegada da industrialización e o éxodo cara ás cidades do litoral atlántico, máis desenvolvidas economicamente.

Anos	Poboación total [1]	Índice [1]	Poboación cidades [2]	Índice [2]	% [2] / [1]	Décadas	Saldo Migratorio
1900	1.980.515	100	196.199	100	9,9%	1901-1910	-126.446
1940	2.495.860	126	445.144	227	17,8%	1941-1950	-115.359
1950	2.604.200	131	556.838	284	21,4%	1951-1960	-237.343
1960	2.602.962	131	627.281	320	24,1%	1961-1970	-229.167
1970	2.583.674	130	735.088	375	28,5%	1971-1980	-3.709
1981	2.753.836	139	911.747	465	33,1%	—————	—————

Táboa XX. Datos sobre a evolución da poboación galega, por décadas, de 1900 a 1980, e saldos migratorios por décadas. As columnas expresan: poboación de feito total de Galicia, índice de crecemento desta (1900 = 100), poboación das sete cidades máis poboadas, índice de crecemento desta, porcentaxe desta sobre o total de Galicia; e saldo migratorio por décadas en cifras absolutas (crecemento intercensal – crecemento vexetativo)

Véxase Monteagudo 2021. Esta táboa reflicte o éxodo rural que experimentou a sociedade galega no século XX, que provou que a poboación urbana pasase de representar un 9,9% da totalidade a un 33,1%. O desenvolvemento das áreas urbanas, nas que viviron tradicionalmente as clases acomodadas, e o proceso de substitución lingüística vertical (Monteagudo 2021) do galego consolidaron estas áreas como núcleos moi castelanzantes.

No caso das familias estudadas, na X1 é onde atopamos menos individuos nados na comarca de Compostela, polo que xa mencionamos: a maioría naceron en pequenas aldeas e vilas, e viron na emigración á cidade o mellor recurso económico. Algúns fixérono



Os comportamentos lingüísticos dos membros da X1, así como algunha información biográfica de interese, aparece reflectida na seguinte táboa<sup>14</sup>.

Nº familia	Lugar de nacemento	Nivel de estudos	Historial laboral	Lingua inicial	Uso habitual
164	Arzúa	básico	labrega	galego	monolingüe en galego
167	Val do Dubra	-	-	galego	monolingüe en galego
184	Santiago de Compostela	básico	empregado da construción, taxista	galego	bilingüe máis galego
192	Ames	medio	perruqueira	galego	bilingüe máis galego
197	Chantada	básico	costureira, xerente dun negocio	galego	monolingüe en galego
243	Muros	superior	médico	castelán	bilingüe máis galego
247	Santiago de Compostela	básico	xastre, operador no aeroporto	galego	monolingüe en galego
205	A Estrada	básico	-	galego	monolingüe en galego
209	Touro	básico	empregada do fogar	galego	monolingüe en galego
216	Negreira	básico	labrega, operaria en fábrica, hostaleira, empregada do fogar	galego	monolingüe en galego
222	Santiago de Compostela	básico	empregada do fogar	galego	monolingüe en galego
226	Ames	básico	labrega	galego	monolingüe en galego
256	Santa Comba	-	-	galego	monolingüe en galego
264	Brión	básico	vendedora	galego	monolingüe en galego

<sup>14</sup> No lugar de nacemento dos informantes só figura o concello. Enténdese como nivel de estudos básico a educación primaria, como nivel medio o ensino secundario e Formación Profesional básica e media, e como nivel superior a universidade e a FP superior. No tocante á lingua inicial, faise referencia á lingua que lles foi transmitida. O uso habitual comprende o seu comportamento como falantes na actualidade, sen contemplar a lingua que eles transmitiron.


273	Vigo	básico	operaria en fábrica, modista	galego	bilingüe máis galego
274	Lalín	básico	albanel, empresario	galego	monolingüe en galego
285	Santiago de Compostela	superior	mestra	galego	bilingüe máis galego
295	Santa Comba	-	-	galego	bilingüe máis galego
302	Teo	básico	mecánico, repartidor, comercial	galego	monolingüe en galego
304	Silleda	básico	agricultora e gandeira	galego	bilingüe máis galego
306	A Estrada	básico	costureira	galego	bilingüe máis galego
308	Santiago de Compostela	básico	hostaleira, coidadora de persoas maiores	galego	bilingüe máis castelán
314	Brión	básico	empregada do fogar	galego	bilingüe máis galego
318	Arbo	básico	panadeiro, albanel, condutor de autobuses	galego	bilingüe máis galego
257	Ames	básico	empregada do fogar	galego	bilingüe máis galego

Como podemos observar a partir da táboa, a X1 é sen dúbida a que máis presenza de galego ten. Isto é debido, como xa foi comentado, ao reparto demográfico tradicional en pequenos núcleos, onde o galego era a lingua de practicamente a totalidade da poboación. Chama á atención que, malia ser a lingua habitual, non foi a lingua na que recibiron a súa educación, xa que o galego comezou a ter presenza na escola cando case todos eles xa remataran os seus estudos. As necesidades económicas de moitas familias e a escasa presenza de centros de ensino medio e superior nos pequenos núcleos fixo que case todos os membros da X1 teñan un nivel académico básico, en moitas ocasións incompleto.

A nula presenza da lingua galega na educación provocou que practicamente o cen por cen dos informantes declarase non ter competencia escrita en galego, e si en castelán, lingua que empregan neste eido. Como xa foi mencionado, a lingua galega non contou co apoio das institucións gobernamentais ata as décadas finais do século XX, onde a aprobación

despois do franquismo do Estatuto de Autonomía (1981) e a Lei de Normalización Lingüística (1983) supuxeron un cambio radical na presenza do galego en contextos formais e educativos, onde antes non tiña ningunha presenza (Monteagudo, Loredó e Vázquez 2016).

**Figura 11.1.** Persoas no ensino obrigatorio segundo a lingua na que reciben as clases. Evolución desde 2003 a 2013 e relación co decreto vixente. %



Véxase Monteagudo, Loredó e Vázquez 2016: *Lingua e sociedade en Galicia: a evolución sociolingüística 1992-2013*. Páx 207. No cadro, podemos observar a nula presenza do galego no ensino obrigatorio a mediados do século XX, situación que revertiu a Lei de Normalización Lingüística no 1983. Actualmente, aínda que decreceu nos últimos anos, a presenza do galego pode ser considerada maioritaria nos centros educativos.

A evolución social de Galicia neste período tamén a podemos observar nas diferentes profesións que exercen os membros da X1, onde atopamos unha clara presenza do sector primario, que irá decrecendo considerablemente ata a actualidade. O proceso reflíctese, sobretudo, nesta xeración, onde hai informantes que manteñen a súa residencia rural e levan a cabo actividades como a agricultura, a gandaría ou tarefas do fogar e outros que se trasladan á cidade para desenvolver traballos do contexto urbano, máis enfocados ao sector servizos: condutor de autobuses, hostaleiro, dependente en comercio, etc. En moitas ocasións o individuo vese condicionado lingüisticamente polo seu traballo, neste sector especialmente: varios informantes afirman que mudan a súa lingua en función do cliente, e algúns admiten variala segundo a posición que ocupe o interlocutor dentro da empresa (compañeiros en galego, xefe e cargos superiores en castelán).

Temos, polo tanto, unha xeración que non puido ter acceso a unha educación de calidade, e unha dualidade vida rural/vida urbana froito do proceso xa comentado. Na táboa, só

dous informantes teñen estudos superiores, que coincide coa boa posición económica das súas familias (segundo admite o seu testemuño). Un deles é o único dos informantes que foi educado en castelán, sendo o pai unha persoa que ocupaba un cargo público na ditadura franquista, obrigado a empregar a dita lingua. O castelán no rexistro oral estaba reservado, segundo o que relatan algúns informantes, a familias nas que algún membro tivese un cargo público (mestre, policía, alcalde, etc.) e outras nas que a pegada da emigración fixo que adoptasen o castelán como lingua habitual, polo contacto con persoas doutras áreas do Estado. O castelán non deixaba de ser a lingua das elites, un indicador de estatus social na época.

Aínda así, a non institucionalización e o desprestixio do galego durante anos non provocaron a perda de falantes na X1, onde a presenza do castelán é moi reducida. O motivo do mantemento lingüístico nesta xeración ten que ver, maioritariamente, con identidade social e tradición: case todos os falantes afirman que usan o galego porque “é a nosa lingua” ou “é a que se falou toda a vida”, ás veces simplemente por costume ou por ser a lingua con presenza maioritaria nas familias galegas. Os informantes da X1 teñen moi interiorizada a situación de diglosia funcional entre galego e castelán, polo que aceptan e comparten a posición privilexiada do castelán e o seu uso en contextos formais (Monteagudo Loredó e Vázquez 2016). Por esta razón, o perfil de falante que aparece con máis frecuencia entre os informantes é o de “bilingüe máis galego”, que ten como lingua inicial o galego e emprega habitualmente esta lingua, pero que reserva o castelán para usos formais, dependendo do interlocutor. A grupo lingüístico máis maioritario nos membros desta xeración é, polo tanto, o de falante funcional.

A falta de concienciación con respecto á lingua provoca nalgúns casos que os falantes da X1 se convirtan en interruptores da transmisión lingüística, e interactúen cos membros máis novos da familia en castelán, moitas veces atribuíndolle a esta lingua a visión de “lingua con máis futuro” ou “lingua máis universal”, en xeral unha lingua de “maior utilidade”. Por outra banda, o proceso de mudanza do rural ao urbano tamén influíu na transmisión, xa que os prexuízos dos falantes de castelán da cidade con respecto ao galego e aos habitantes do rural (segundo o testemuño dalgúns informantes, eran vistos como persoas con pouca formación académica, de baixo estatus social, de poucos modais) provocaron que moitas familias criaran en castelán aos membros máis novos da familia, co obxectivo de non sufrir o rexeitamento do seu novo entorno.

Con todo, cómpre destacar unha gran cantidade de monolingües en galego, posiblemente provocada polo escaso contacto co castelán en contextos informais. En termos de transmisión lingüística, o número de individuos transmisores é o máis elevado, polo que podemos considerar a X1 como responsable da supervivencia da lingua galega nun contexto de dificultade máxima desde o punto de vista político e institucional.

### 3.1.2 Actitudes lingüísticas: prexuízos e visións de futuro

As actitudes lingüísticas deben ser entendidas como un fenómeno extralingüístico, que relaciona nocións de lingua con outras de carácter social, de contextos comunicativos e da conciencia que os falantes teñen das diferentes variedades de lingua en base á súa estratificación social dentro dunha comunidade. No caso do galego, as actitudes lingüísticas dos falantes non poden ser comprendidas sen ter en conta a situación de contacto co castelán, onde entran en xogo outras nocións como o prestixio<sup>15</sup> e de identidade<sup>16</sup>, que afectan directamente ás actitudes lingüísticas dun ou dunha galegofalante (Chamorro 2021).

A xa comentada falta de conciencia lingüística que teñen os membros da X1 (probablemente motivada pola boa situación da que gozaba o galego cando eles medraron como falantes) provoca que moitos informantes mostren unha relación coa lingua carente de compromiso polo seu mantemento. Malia ser, sen lugar a dúbidas, a xeración que máis galegofalantes conserva, moitos deles afirman falar galego por ser a lingua normalizada no seu contexto vital, e deslígano de elementos identitarios (véxase X1-192). Outros, pola contra, avogan polo mantemento do galego como símbolo do que é noso, mais cunha clara visión diglósica de subordinación ao castelán. Algúns informantes, como X1-318 ou X1-274, consideran que o galego debe promocionarse no contexto galego, como un símbolo de identidade, mais non consideran que poida ter un uso instrumental, que si ten o castelán. O informante X1-274 afirma: “o galego de Ponferrada para alá non serve para

---

<sup>15</sup> O prestixio lingüístico é un concepto que debe ser comprendido fóra do propiamente lingüístico, e que ten relación co ámbito político, e co proceso de normalización e normativización da lingua (Chamorro 2021 seguindo a Giles e Powesland 1975). Neste aspecto, o galego xogou historicamente nunha posición de enorme desvantaxe, o que provocou que o prestixio do castelán afectase de maneira directa nas actitudes lingüísticas cara ao galego.

<sup>16</sup> O concepto de identidade está estreitamente relacionado co de grupo, nación e nacionalidade. Chamorro (2021:10), baseándose en Fishman 1972, define a nacionalidade como unidade sociocultural suprasocial que se opón a outras identidades a través de criterios de autodefinición. Como podemos percibir a través das actitudes lingüísticas dos e das falantes, a lingua é en moitas ocasión un destes criterios de autodefinición, e a percepción que cada individuo ten da identidade galega pode facer variar os prexuízos, expectativas, etc. que posúa.

nada”. Afirmación que, desgraciadamente, é habitual en moitos falantes. Cando se lles pregunta sobre o papel do galego no estudo, estes informantes apostan pola presenza do galego na escola como unha asignatura illada, “para sabelo falar” (X1-164), deixando o castelán para todos os demais usos académicos.

Por outra banda, tamén hai individuos na X1 con compromiso lingüístico e que valoran positivamente os avances actuais do galego en prol da normalización. A valoración positiva dos informantes neste eido ten moito que ver coa institucionalización do galego, que os falantes ven con bos ollos, e coa superación de moitos prexuízos que antes estaban moi consolidados, como por exemplo a relación entre falar galego e ser unha persoa pouco culta<sup>17</sup>. Aínda así, estas percepcións seguen presentes en membros da X1, que conservan o castelán como símbolo de estatus social (véxase, por exemplo, o testemuño de X1-308) e, máis en concreto, como elemento característico das persoas da cidade, con bo poder adquisitivo. Isto leva a moitos falantes a ter unha visión do galego como elemento identitario do rural, e diferenciador dos habitantes da cidade, que provoca o seu mantemento como reivindicación do modo de vida tradicional e “puramente galego”, como é o das aldeas. En testemuños como o de X1-295 atopamos a denominación “señoritos” para os habitantes da cidade, castelanfalantes, dos que procuran diferenciarse claramente, e o galego é un instrumento para iso. A frase do informante X1-226 sobre este tema ten moita relevancia: “vós para que falades o castellano se estades na aldea? É unha tontería”. Esta relación rural-urbano/galego-castelán ten menor presenza en xeracións posteriores, mais segue tendo certa vixencia, sobretudo en áreas periurbanas.

Polo xeral, as visións de futuro en relación á lingua galega son diversas nesta xeración, aínda que podemos afirmar que é a xeración que se mostra máis negativa neste aspecto. Ao seren criados nun ambiente moi galeguizado, moitos informantes lamentan a perda de falantes de galego ao longo das xeracións. Aínda así, valoran positivamente a aparición do galego en novos contextos e, sobretudo, no contexto urbano da cidade de Compostela e nas institucións. Esta valoración contradíse moitas veces coa percepción que teñen os individuos da X1 da variedade destas institucións, a variedade estándar, da que moitos renegan e non consideran “galego puro”. Seguramente, a curta idade deste estándar en comparación co doutras linguas é o que provoca estrañeza nos membros máis maiores da familia, que viron só o castelán nestes ámbitos de uso durante moitos anos: moitos

---

<sup>17</sup> Véxase X1-222, testemuño no que se trata este tema concreto.

denominan esta variedade como “o galego da televisión” ou “o galego da Academia”<sup>18</sup>, e alimentan os prexuízos de “lingua inventada”, “cambiante” ou “artificiosa” que están presentes en moitos discursos de galegos e galegas.

## 3.2 A SEGUNDA XERACIÓN

### 3.2.1 Perfil e traxectoria biográfica


A continuación, preséntanse os datos relativos á segunda xeración de informantes, que comprende individuos nados xa na segunda metade do pasado século. O contexto sociopolítico desta xeración é o do final da ditadura franquista, e os primeiros anos do que se denominou “transición” cara ao réxime democrático que segue vixente na actualidade. Esta é a época na que foi aprobado o Estatuto de Autonomía de Galicia, e déronse algúns pasos en prol dun Estado español menos centralizado e que promove a normalización das linguas e culturas minorizadas. Neste punto é onde se produce a integración do ensino de galego na educación, o que provoca unha mellora no dominio escrito da lingua e a progresiva inclusión da lingua galega en contextos oficiais e cultos. Analizando o perfil dos diferentes informantes da X2, atopamos unha sociedade xa máis urbanizada, global e enfocada ao sector servizos, moito máis semellante ás outras áreas do Estado español (Monteagudo, Loredó e Vázquez 2016).

Do mesmo xeito que na X1, expóñense de maneira visual os lugares de nacemento dos informantes da X2<sup>19</sup>:

---

<sup>18</sup> Véxase X1-295 e X1-192.

<sup>19</sup> Queda excuída do mapa a informante número X2-256, nacida en Berna (Suíza), filla de emigrantes, que posteriormente voltarán ao país de orixe para asentarse en Santiago de Compostela.



Fonte: elaboración propia.

Na imaxe pódese observar o éxodo a Santiago de Compostela, apreciándose unha maior concentración de informantes nados na comarca en relación ao mapa da X1 (consultar páxina 10). Aínda así, moitos deles naceron fóra da comarca, na mesma localidade que X1, e foron eles os que acabaron trasladándose á cidade nas décadas finais do século XX, por motivos académicos ou laborais. A súa infancia, aínda comprendida pola ditadura, non ten nada que ver coa súa xuventude e madurez, na que o galego estaba emerxendo institucionalmente como lingua recoñecida. Nesta xeración podemos ver perfís de falantes que naceron na cidade, mais que teñen procedencia rural, que viven realidades máis adaptadas aos tempos actuais e que desenvolven actitudes lingüísticas novas con respecto a seus pais.


Aquí figuran algúns datos relativos ao perfil e aos usos lingüísticos dos informantes da X2, así como da súa traxectoria persoal e biografía:

Nº Informante	Lugar de nacemento	Nivel de estudos	Historial laboral	Lingua inicial	Uso habitual
164	Boqueixón	básico	empregada do fogar	galego	monolingüe en galego
167	Val do Dubra	-	-	galego	bilingüe máis galego
184	Santiago de Compostela	básico	limpiadora	castelán	bilingüe máis castelán
192	Ames	superior	administrativa	castelán	monolingüe en castelán


197	Chantada	medio	-	galego/castelán	bilingüe máis castelán
243	Muros	superior	profesora	castelán	bilingüe máis galego
247	Santiago de Compostela	superior	xornalista	galego/castelán	monolingüe en galego
205	A Estrada	medio	limpiadora, auxiliar de enfermería	galego	monolingüe en galego
209	Touro	superior	enfermeira	galego	monolingüe en galego
216	Negreira	superior	operario de fábrica	galego	monolingüe en galego
222	Santiago de Compostela	superior	PAS universitario	castelán	monolingüe en galego
226	Ames	básico	empregada do fogar	galego	monolingüe en galego
256	Suíza	superior	informático	galego	bilingüe máis galego
264	Brión	básico	-	galego	bilingüe máis galego
273	Vigo	superior	actriz, traballadora social	galego/castelán	monolingüe en galego
274	Lalín	básico	albanel, mecánico	galego	monolingüe en galego
285	Santiago de Compostela	superior	mestra	castelán	monolingüe en galego
295	Santa Comba	superior	administrativa	galego	monolingüe en galego
302	Teo	básico	perruqueiro	galego	monolingüe en galego
304	Silleda	superior	tradutora	galego	monolingüe en galego
306	A Estrada	medio	condutor de autobuses	galego	monolingüe en galego
308	Touro	básico	empregada dun supermercado	galego	bilingüe máis galego
314	Brión	superior	profesora	galego	monolingüe en galego
318	Arbo	superior	profesora	galego	monolingüe en galego
257	Ames	superior	investigador	galego	bilingüe máis galego

En primeiro lugar, as conclusións en termos sociais que podemos deducir a partir da táboa é a confirmación do desenvolvemento urbano e favor do sector servizos. A enorme maioría dos informantes da X2 traballa neste sector, e desenvolve traballos propios da sociedade desruralizada actual. Aínda que moitos dos membros naceron fóra da comarca, é nesta xeración onde se produce maior cantidade de traslados á cidade. Esta podería ser considerada a primeira xeración da sociedade galega actual, concentrada nas cidades do eixo atlántico e que avanza a pasos axigantados cara á castelanización e a perda da lingua como elemento identitario.

**Figura 2.2.** Distribución da ocupación en Galicia por sectores. 1985. %



**Figura 2.3.** Distribución da ocupación en Galicia por sectores. 2015. %



Fonte: Adaptación de Vecino (2016: 22).

Véxase Monteagudo, Loredó e Vázquez 2016 *Lingua e sociedade en Galicia: a evolución sociolingüística 1992-2013*. Páx. 31. No cadro amósase a variación na distribución dos traballos dos sectores na sociedade galega, facendo unha comparación entre o 1985 (antes da entrada no mundo laboral da maioría de membros da X2) e o 2015. Faise evidente a mudanza nos diferentes sectores, onde o sector terciario (servizos) ocupa unha enorme maioría, fronte aos sectores primario e secundario que perden moita presenza na Galicia actual (a agricultura, silvicultura e a pesca baixan, por exemplo, dun 42% no 1985 a un 6% no 2015).

A partir dos datos da táboa, podemos destacar algún trazos da transmisión e o mantemento lingüístico no paso da X1 á X2. En primeiro lugar, como xa viña mencionado anteriormente, comeza a aparecer o castelán como lingua inicial de moitos informantes, o que reforza a idea de que varios membros da X1, que case non tiveron contacto co español na súa infancia, decidiron transmitir esta lingua aos seus descendentes e cortar, polo tanto, a transmisión interxeracional. Isto atende aos factores xa mencionados, prexuízos contra a lingua galega e un intento de integración no entorno social urbano.


O feito de que os membros da X1 decidisen deixar de transmitir a lingua galega provocou a aparición dun grupo lingüístico que non tiña tanta relevancia anteriormente, o dos

recuperadores. Se botamos unha ollada aos datos, existen familias que cortaron a transmisión do galego no paso á X2, e nas que esta X2 remata sendo bilingüe ou monolingüe en galego. É o caso, polo tanto, dun individuo que abandona total ou parcialmente a súa lingua inicial, substituída anteriormente, e emprega a lingua orixinal dos seus antecesores. Este proceso de galeguización, oposto ao común, atende con frecuencia a cuestións de identidade social e de compromiso coa cultura e o idioma, nocións que están moito menos presentes na X1, na que se pode apreciar unha visión moito máis instrumental da lingua.

En relación ao perfil dos informantes da X2, a maioría decláranse monolingües en galego, aínda que da mesma maneira que na X1, o bilingüismo tamén ten presenza. Apreciamos algúns membros que afirman ter sido educados en ambas linguas, mais ningún deles chega a perder o galego e, polo tanto, converterse en substitutivo. Se comparamos os diferentes perfís con estudos cuantitativos levados a cabo polo IGE, vemos que a cantidade de monolingües, moi por riba dos bilingües (máis galego e máis castelán), difire un pouco coa totalidade da poboación galega actual:

**Figura 14**

Lingua habitual dos galegos e galegas de 5 a 65 anos.  
2013. %



Véxase Monteagudo, Loredo e Vázquez 2018 *Lingua e sociedade en Galicia: resumo de resultados 1992-2016*. Páx. 16. A gráfica amosa a distribución dos galegos e galegas de 5 a 65 anos segundo a súa lingua habitual, rango de idade onde podemos englobar ás xeracións 2 e 3 do corpus de traballos. Se comparamos a mostra cualitativa con esta, de carácter cuantitativo, vemos que a presenza do bilingüismo é maior da que reflicten os datos, e que os monolingües en castelán, aínda que moitos deles pertencen á X3, deben ser considerados como un grupo moi numeroso tamén na xeración X2, e máis en concreto nas áreas urbanas.

En termos xerais, vemos que a X2 convive de maneira máis activa co castelán, que vai adoptando rexistros de uso que antes non tiña, e que pouco a pouco vai favorecendo unha situación de diglosia social. O galego experimenta nesta época un enorme cambio de cara


á súa prosperidade, como foi o ingreso no rexistro oficial e nalgúns contextos cultos, o que provocou a aparición dun sector da poboación galegofalante con formación académica, bo posicionamento social e que vive na cidade. Creouse, polo tanto, unha elite culta galegofalante (Monteagudo, Loredó e Vázquez 2016) que se identifica coa cultura tradicional galega, e que tenta preservala dende unha posición privilexiada. Isto favorece claramente á normalización e ao prestixio do galego, mais non evita o problema máis grande da prosperidade do galego, a súa transmisión ás xeracións máis novas.

### 3.2.2 Actitudes lingüísticas: prexuízos e visións de futuro

A X2, aínda que viviu un contexto moi diferente ao da anterior, mantén algúns prexuízos e malas actitudes lingüísticas cara ao galego, que viviu a súa etapa de normalización e normativización nos primeiros anos desta xeración. O panorama xeral do galego en base ao seu uso oral é menos favorable que o da X1, o que provoca que algúns membros da X2 desenvolvan unha conciencia lingüística máis forte, axudada polo novo réxime democrático liberal e a liberdade de expresión política que derivou da caída do franquismo (López 2013). A España posfranquista converteuse nun Estado menos centralizado, na que se aproba o Estatuto de Autonomía de Galicia no 1981 despois dun intento anterior á Guerra Civil, case medio século atrás, e no que as ideoloxías nacionalistas volven a ter cabida na vida política. O galego pasa a ser, polo tanto, unha lingua amparada polas institucións e de uso na educación.

Esta mesma institucionalización é un tema recorrente cando os informantes da X2 son preguntados sobre a visión que teñen do galego. Varios informantes consideran que este proceso foi importante para que a lingua gañase prestixio (véxase, por exemplo, X2-247), ademais de atribuírle a vitalidade do galego aos novos contextos nos que ten presenza (rexistros cultos, empregada por sectores da burguesía urbana, etc.), xeralmente impulsados por persoas nunha boa posición económica e social. O feito de que o galego teña máis presenza nestes sectores e nestes usos leva a algúns informantes a crer “que se fala máis galego ca antes”. Aqueles informantes que, pola contra, lamentan a perda de falantes, atribúeno sobretudo ás zonas rurais e periurbanas, nas que o galego era moi maioritario anos atrás, e nas que agora o castelán xa ten boa presenza. Algún informante apunta, ademais, que outro dos principais motivos para a perda de falantes é a falta de ocio en galego na actualidade, sobretudo nas novas tecnoloxías, onde o castelán é tremendamente maioritario (Subiela 2010).

**Figura 9.21.** Lingua habitual no rural e no urbano galegos da poboación de 15 ou máis anos. 1992-2013. %



Véxase Monteagudo, Loreda e Vázquez 2016 *Lingua e sociedade en Galicia: a evolución sociolingüística 1992-2013*. Páx. 162. Na figura, amósase o reparto da lingua habitual dos galegos en 1992 e 2013 segundo vivan nunha área rural ou urbana. O testemuño dos informantes vai en consonancia cos datos amosados polo IGE, onde podemos observar un decrecemento nos monolingües en galego nas áreas rurais e un aumento dos monolingües en castelán e bilingües, mentres que nas áreas urbanas aumentan levemente os monolingües en galego, aínda que o castelán segue sendo maioritario.

En relación á utilidade da lingua, hai informantes que mostran indiferencia ou directamente se opoñen á idea de que o galego sexa un símbolo de identidade e reivindicación (X2-192) e outros que consideran vital o mantemento do galego, precisamente por este motivo (X2-306). Aínda así, practicamente a totalidade dos informantes restrinxen o galego ao seu uso local, e valora a aprendizaxe de castelán como unha lingua máis útil e valiosa. Os informantes que outorgan ao galego máis importancia que ao castelán identifícanse como persoas “moi concienciadas lingüísticamente” e de ideoloxía política nacionalista. Ademais, a recente normativización do galego tamén xera algúns prexuízos nos informantes, por non ser auténtico e por non reflectir a fala popular das aldeas, historicamente apreciada como a máis xenuína. Estes prexuízos provocan que varios informantes galegofalantes admitisen que mudaron a súa variedade dialectal por un galego máis “neutro”, deixando de lado trazos como o seseo e a gheada. Aínda así, a maioría consideran a variedade estándar como necesaria para a supervivencia do galego.

Como podemos apreciar en termos xerais, a maioría das actitudes lingüísticas dos membros da X2 foron herdadas da X1, o que reflicte a escasa progresión en termos de normalización lingüística nos últimos anos. Poderíamos afirmar que a tendencia da X2 é a ser algo máis positiva que a súa antecesora, mais é consciente de que a xeración dos

seus descendentes está sufrindo unha enorme castelanización que moitos informantes non chegan a ver como algo negativo. Por iso, a aposta de futuro maioritaria é a dun falso bilingüismo (impulsado polos órganos políticos) no que conviven o galego, como un fósil que hai que conservar polo seu valor identitario, e o castelán, como a lingua global que debe ser coñecida por todos e que nos conecta co resto do Estado.

### 3.3 A TERCEIRA XERACIÓN


#### 3.3.1 Perfil e traxectoria biográfica

A que denominamos como X3 é a máis nova, que comprende os membros da última xeración das familias. Esta pode ser considerada a xeración máis heteroxénea, xa que comprende persoas nadas a finais dos 80 e a década dos 90 (que actualmente teñen arredor de 30 anos) e outros membros de moi curta idade (entre os 8 e os 15 anos), que, por suposto, teñen unha conciencia e unhas nocións arredor da lingua moi diferentes ás dunha persoa máis madura. O que atopamos nesta xeración é o reflexo da sociedade galega contemporánea, na súa maioría, persoas asentadas na vida urbana e que ollan dende moi lonxe a vida primaria e rural dos seus avós e bisavós. A perda progresiva de falantes nos anos da transición provocou a castelanización dos máis novos, máis acentuada nas áreas urbanas, mais que xa é unha realidade tamén das zonas periurbanas e rurais.

O seguinte mapa amosa a distribución dos informantes da X3 segundo o seu lugar de nacemento<sup>20</sup>, onde atopamos diferenzas notables con respecto ás dúas xeracións antecesoras:

---

<sup>20</sup> Queda excluída do mapa a informante X3-285, nacida en Rusia, que se traslada na súa infancia a Santiago de Compostela (adopción).



? Fonte: elaboración propia.

Como se pode comprobar no mapa, a mobilidade da poboación cara ás cidades do eixo atlántico queda moi patente, onde só hai un informante que non naceu na comarca de Santiago ou nas cidades máis poboadas do país, Vigo e A Coruña. Todas elas son áreas moi castelanizadas, e nos seus testemuños atoparemos diferenzas notorias con respecto aos seus pais e avós. Moitos dos informantes, como xa foi mencionado, están aínda en idade temperá, o que significa que aínda están sufrindo mudanzas na construción do seu pensamento crítico e a súa ideoloxía. Polo tanto, non se pode deducir con exactitude cal será o seu papel na cadea de transmisión lingüística: como variará a relación entre a lingua que se lles foi transmitida e a súa lingua habitual, ademais de cal será a lingua que eles transmitirán nun futuro.

Na seguinte táboa amósanse os datos relativos á traxectoria biográfica e ao perfil lingüístico dos membros da X3<sup>21</sup>:

Nº Informante	Lugar de nacemento	Nivel de estudos	Historial laboral	Lingua inicial	Uso habitual
164	Santiago de Compostela	superior	administrativa	galego	bilingüe máis galego
167	Santiago de Compostela	medio*	-	castelán	monolingüe en castelán
184	A Coruña	medio*	-	castelán	bilingüe máis castelán

<sup>21</sup> Os informantes cun asterisco (\*) no seu nivel de estudos seguen, no momento no que foi realizada a entrevista, cursando o dito nivel.

192	Teo	medio*	-	castelán	monolingüe en castelán
197	Santiago de Compostela	superior*	-	galego/castelán	bilingüe máis castelán
243	Vigo	superior*	-	castelán	bilingüe máis galego
247	Santiago de Compostela	superior*	-	galego/castelán	bilingüe máis castelán
205	Santiago de Compostela	medio*	-	castelán	monolingüe en galego
209	Santiago de Compostela	básico*	-	galego/castelán	bilingüe máis galego
216	Santiago de Compostela	superior	deseñadora de produto	galego	monolingüe en galego
222	Santiago de Compostela	-	-	galego/castelán	monolingüe en castelán
226	Ames	medio*	-	galego/castelán	bilingüe máis castelán
256	Brión	medio*	-	galego	monolingüe en galego
264	Brión	-	-	galego	bilingüe máis castelán
273	Brión	medio*	-	galego	monolingüe en galego
274	Boqueixón	medio*	-	galego	monolingüe en galego
285	Rusia	medio*	-	galego	bilingüe máis galego
295	Santiago de Compostela	medio*	-	galego	bilingüe máis castelán
302	Teo	medio*	-	galego	monolingüe en galego
304	Santiago de Compostela	superior*	-	galego	bilingüe máis castelán
306	Teo	superior*	-	galego	monolingüe en galego
308	Arzúa	superior*	-	galego	monolingüe en galego
314	Brión	básico*	-	galego/castelán	monolingüe en galego
318	Brión	medio*	-	galego	bilingüe máis castelán

257	Teo	superior	mozo de almacén, camareiro, organizador de eventos	galego	monolingüe en galego
-----	-----	----------	--	--------	-------------------------

Como xa foi mencionado, na recollida de datos é notoria a centralización da poboación arredor da comarca de Santiago, xa que moitas das familias orixinarias doutras áreas menos poboadas teñen a súa terceira xeración asentada na cidade de Santiago. O perfil dos membros desta xeración ten notorias diferenzas con respecto aos seus antecesores: atopamos varios informantes que se identifican como monolingües en castelán, séndolle xa transmitido o castelán por parte dos pais (é o caso de X3-192, por exemplo). O que a mediados dos anos cincuenta era un caso illado, na actualidade é común o caso de familias que conservan e transmiten o castelán ao longo de varias xeracións<sup>22</sup>.

Cómpre destacar, polo tanto, a presenza con certa notoriedade do castelán como lingua inicial, e máis aínda como lingua habitual. Moitos informantes (véxase X3-295, X3-304, X3-318, etc.) que recibiron exclusivamente o galego como lingua inicial mudan a súa lingua habitual ao castelán de xeito total ou parcial. O perfil maioritario é o de galegofalantes que adoptan o castelán para a maioría de contextos, mais que conservan o galego para o seo familiar ( $G > +C$ ), onde máis se conserva esta lingua. Esta “troca de lingua” (Monteagudo 2012) segundo o contexto é moi habitual nos galegos e galegas actualmente, polo que non é estraño que a maioría dos falantes de X3 (do mesmo xeito que na X2) se poidan incluír no grupo do falantes funcionais ou adaptativos. Podemos confirmar, á vista dos datos, que os membros da X3 son os que máis varían entre a lingua que lles foi transmitida e a súa lingua habitual.

O contexto que viven en xeral os informantes da X3 debe ser entendido como radicalmente diferente ao das xeracións anteriores. Isto reflíctese, entre outros factores, no nivel de estudos dos membros da X3: todos eles tiveron a oportunidade de cursar a educación media e moitos deles chegaron con facilidade ao ensino superior, algo que hai medio século non era habitual. Isto trae como consecuencia unha xeración máis instruída,

---

<sup>22</sup> Monteagudo, Loredo e Vázquez (2016) e Monteagudo (2012) denominan aos individuos que se identifican como monolingües en castelán, sendo esta a lingua que lles foi transmitida, asimilados. Antes de ser asimilados, algunhas das xeracións anteriores tivo que levar a cabo un proceso de substitución, e polo tanto ser considerado substitutivo. O modelo X1-mantedora, X2-substitutiva e X3-asimilada é común na realidade sociolingüística galega.

que ten unhas boas competencias lecto-escritoras e, sobre todo, que recibiu unha educación posterior á LNL, co galego presente en moitos ámbitos. Mentres moitos testemuños de membros da X1 afirmaban non coñecer o galego escrito (por non recibilo nunca na escola) sendo monolingües en galego, varios membros da X3 coñecen á perfección o rexistro escrito do galego sendo monolingües en castelán.

O feito de que moitos membros da X3 sigan actualmente na etapa académica non inflúe de maneira directa na transmisión interxeracional, mais si ten que ver co mantemento ao longo da vida do informante. O paso pola educación primaria supón o primeiro contacto co castelán en varios casos, e en moitos deles mantense esta lingua nun futuro (un exemplo é o de X3-304). A educación secundaria, pola contra, serve nalgúns casos de afianzador do galego, que lle foi transmitido ao individuo nun inicio, mais que se perdera total ou parcialmente na escola (X3-256, X3-302). Esta etapa no ensino secundario, onde transcorre a adolescencia, é en moitas ocasións aquela na que se afianzan ideas e opinións sobre a lingua, e onde se desenvolve unha identidade social e política arredor do galego (é entre a adolescencia e a madurez onde aparecen maioritariamente os individuos recuperadores, véxase, por exemplo, X3-205). Polo tanto, as nocións relativas ao perfil de moitos dos falantes da X3 poden sufrir variacións en anos vindeiros, o que pode claramente repercutir na lingua que transmitan nun futuro. Esta xeración aínda non foi transmisora, mais é moi relevante por ser o reflexo da transmisión interxeracional dos seus pais e avós.

### 3.3.2 Actitudes lingüísticas: prexuízos e visións de futuro

As actitudes lingüísticas da X3 veñen definidas por un contexto de asentamento do galego en termos de normalización e normativización. Os membros desta xeración recibiron o galego na educación dende pequenos, normalizaron a súa presenza nas institucións, en medios de comunicación, no discurso oficial, en rexistros cultos, etc. (aínda que esta presenza siga sendo minoritaria en moitos casos). Podemos afirmar que a diglosia funcional do pasado século dou paso a unha diglosia social, na que o galego obtivo o prestixio de estar nas institucións, mais non o prestixio que outorgan os falantes no día a día, como se puido comprobar nos testemuños de X1 e X2.

Como xa mencionamos, facendo valer os datos presentados anteriormente, a X3 é aquela na que o castelán ten maior presenza. É estraño que, pola contra, sexa a xeración que máis positiva se mostra cara ao galego en relación a actitudes lingüísticas, a que menos

prexuízos adoita mostrar e a que ve un futuro para o galego en xeral positivo. Aínda que nas outras xeracións os que máis negatividade mostran adoitan ser os galegofalantes, nesta os falantes de ambas linguas son positivos cara á supervivencia e cren que a situación da perda de falantes se pode revertir nun futuro. O compromiso pola lingua desta xeración vese reflectida, ademais, no crecemento dos individuos recuperadores, que tenden a ser cada vez máis segundo avanzamos no tempo. A realidade, con todo, non é a que atopamos nas actitudes dos informantes: da mesma maneira que na X2, a tendencia habitual na X3 é a do bilingüismo, o cambio de código segundo o contexto, e a valoración positiva cara ao galego tende a ser artificiosa, motivada por ese “afán de conservar” a dita lingua. Por esta razón, atopamos informantes falantes de castelán que lamentan a perda de falantes de galego e avogan por conservar a lingua, sendo eles partícipes, precisamente, do efecto contrario (os testemuños de X2-222 e X2-226 son ilustrativos neste caso: as informantes, de curta idade e castelanfalantes habituais, afirman que o galego non se debe perder “por ser un idioma agradable e bonito”, o que nos fai ver que moitos rapaces novos, na actualidade, perciben o galego como algo moi alleo a eles).

A falta de prexuízos que esta xeración ten cara o estándar (se a comparamos cos testemuños de X1 e X2) pode ser debida ao asentamento desta variedade, sobretudo no ámbito educativo. Aínda así, hérdanse certas ideas sobre o coñecido como “galego normativo”, nos que podemos ver claramente a influencia dos antecesores: “o galego normativo estase perdendo porque ninguén sabe falalo” (X3-274). Os membros da X3 ven, en xeral, o galego como unha lingua con máis utilidade, que pode ter presenza en todos os ámbitos.

Na X3 podemos apreciar, polo tanto, un certo abandono de pensamentos arcaicos sobre a lingua que aínda conservan as xeracións anteriores. A pesar diso, o panorama para o galego nas novas xeracións non é moi favorable: o monolingüismo está decaendo enormemente, sobre todo nas áreas urbanas, e estase impondo o bilingüismo e a adaptación a unha lingua ou outra segundo o contexto. A gran problemática é a tendencia do galego a converterse nunha “lingua familiar”, coa que conversar exclusivamente cos membros das xeracións anteriores, tendencia que seguirá levando ao galego á perda masiva de falantes a medida que pasen as xeracións. Esta positividade nos membros da X3 pode ser concibida como unha consecuencia do bilingüismo harmónico, idea imposta polos gobernos autonómicos, ademais do pensamento liberal e da liberdade de escoller

lingua (que non é libre, senón que vén marcada dos factores que rexen a diglosia social) que está xa moi asentado na poboación galega.

Unha vez rematada a análise do corpus de traballos co enfoque no individuo e no conxunto das xeracións, é o momento de, apoiándonos nas tipoloxías xa comentadas, construír o panorama das familias. Este panorama terá como obxectivo establecer cales son os perfís maioritarios nas familias de Compostela en base á transmisión interxeracional, fenómeno que non pode ser explicado sen atender á visión individual exposta anteriormente (non só o perfil e a traxectoria biográfica, senón tamén as actitudes, visións de futuro e prexuízos arredor da lingua).

## 5. ANÁLISE DOS DATOS: AS FAMILIAS DE COMPOSTELA NA TRANSMISIÓN INTERXERACIONAL

Os datos recollidos nos diferentes traballos permítennos establecer un panorama sociolingüístico de tres xeracións familiares en toda a área de Compostela. Unha vez comprendidos os diferentes perfís sociolingüísticos e os contextos históricos e xeográficos nos que viviron as tres xeracións, o obxectivo da análise é, baseándonos no relativo ao individuo, construír o perfil familiar e tentar explicar a tendencia da transmisión interxeracional na área de Compostela. Para iso, apoiarémonos na tipoloxía anteriormente comentada (páx. 11).

Cómpre clasificar, previamente, as familias da mostra segundo o papel dos seus membros na transmisión lingüística interxeracional<sup>23</sup>:

Nº Informante	Tipo de familia	X0	X1	X2
164	mantedora	transmisor	transmisor	transmisor
167	substitutiva 2-3	transmisor	transmisor	interruptor
184	substitutiva 1-2	transmisor	interruptor	asimilador
192	substitutiva 1-2	transmisor	interruptor	asimilador
197	bilingüe substitutiva	transmisor	transmisor	transmisor*
243	asimilada	asimilador	asimilador	asimilador

<sup>23</sup> Da mesma maneira que foi empregada anteriormente, a etiqueta X0 denomina á xeración anterior a X1, de maneira que a lingua que transmitiu a dita xeración é a que recibiu X1 como lingua inicial. Os membros marcados cun asterisco (\*) dentro das familias bilingües son individuos que, malia ser monolingües e só transmitir unha lingua á descendencia, forman parte dunha parella bilingüizadora, o que converte á familia en bilingüe mantedora, recuperadora ou substitutiva.

247	mantedora	transmisor	transmisor	transmisor
205	substitutiva 2-3	transmisor	transmisor	interruptor
209	substitutiva 2-3	transmisor	transmisor	interruptor
216	mantedora	transmisor	transmisor	transmisor
222	substitutiva 1-2	transmisor	interruptor	asimilador
226	mantedora	transmisor	transmisor	transmisor
256	mantedora	transmisor	transmisor	transmisor
264	mantedora	transmisor	transmisor	transmisor
273	recuperadora	transmisor	interruptor	recuperador
274	mantedora	transmisor	transmisor	transmisor
285	recuperadora	transmisor	interruptor	recuperador
295	mantedora	transmisor	transmisor	transmisor
302	mantedora	transmisor	transmisor	transmisor
304	mantedora	transmisor	transmisor	transmisor
306	mantedora	transmisor	transmisor	transmisor
308	mantedora	transmisor	transmisor	transmisor
314	bilingüe mantedora	transmisor	transmisor	transmisor*
318	mantedora	transmisor	transmisor	transmisor
257	mantedora	transmisor	transmisor	transmisor

En primeiro lugar, levando a cabo unha visión máis superficial dos datos, é posible apreciar que o perfil maioritario de familia na comarca de Compostela é a de familia mantedora. No tocante ás substitutivas, o perfil está repartido, sendo varias as que perderon a transmisión da lingua galega no paso da X1 á X2, e outras que a perderon no paso da X2 á X3. Tamén cómpre destacar a presenza de familias recuperadoras nas que a X2 decide transmitir o galego, recibindo como lingua inicial o español. Ademais, hai familias que contan cun individuo recuperador na X3, mais que, ao non participar este activamente na transmisión interxeracional da lingua, aínda non poden ser consideradas recuperadoras (un exemplo é a familia 247). O que posiblemente podemos deducir é o aumento de familias recuperadoras no paso da X3 á X4. Aínda así, o futuro da transmisión na X3 desta mostra non é nin moito menos favorable, xa que, como puidemos apreciar na

táboa dos individuos desta xeración<sup>24</sup>, hai unha notable presenza de individuos substitutivos (G>C ou G>+C). Como xa foi mencionado, esta última xeración é a que máis cambios de lingua experimentou, polo que será de moito interese seguir a súa traxectoria lingüística e estudar, nun futuro, como se comportan estes individuos na transmisión do galego.


A continuación, analizamos en profundidade os diferentes perfís de familias, para comprender os factores que influíron no seu comportamento sociolingüístico. En primeiro lugar, cómpre centrar a nosa atención nas familias mantedoras, que son o grupo maioritario na mostra estudada. Inicialmente, é preciso sinalar que estas familias non constan de tres individuos monolingües en galego nas últimas tres xeracións, e nas que o castelán, polo tanto, non ten presenza. Moitas delas son familias nas que os individuos empregan as dúas linguas indistintamente, mais deciden transmitir o galego á descendencia, decisión que vén dada, en moitas ocasión, por cuestións de identidade e de pertenza, “por ser a lingua familiar” (256). É habitual que en moitas familias os individuos atribúan o mantemento da transmisión lingüística ao apego ás xeracións máis maiores, que lle transmitiron inicialmente o galego, e á conservación dun elemento tradicional e que recorda ao fogar de nacemento. A maioría das familias mantedoras non chegan nunca a vivir no núcleo urbano de Santiago de Compostela, o que relaciona directamente o ámbito rural e periurbano como mantedor do galego, e á cidade como un gran foco castelanizante. Algunhas, pola contra, experimentan o cambio de residencia rural/urbano no nacemento da X3 (finais dos 90 ou primeira década dos 2000), que moitas veces se converte en substitutiva, o que pon en perigo a transmisión interxeracional nas xeracións vindeiras. Polo tanto, podemos constatar que o perfil maioritario dentro das familias mantedoras é o dunha familia asentada durante xeracións nas áreas rurais e periurbanas da comarca (é o caso das familias 302, 226 e 257, por exemplo) ou o dunha familia que, desde outra zona de Galicia, maioritariamente rural, chega á comarca de Santiago para asentarse nalgún dos concellos rurais e periurbanos, como poden ser Brión, Ames ou Teo (318, por exemplo). Estas zonas, que foron durante décadas moi galeguizadas, sofren actualmente un moi acelerado proceso de castelanización, influído polo asentamento de moita poboación castelanfalante, o que pode provocar un cambio brusco nesta tendencia conforme se manteña o asentamento das familias.

---

<sup>24</sup> Véxase páx.32.

Figura 24

Evolución das prácticas monolingües en galego nos concellos galegos entre 2001 e 2011. Taxa porcentual.



Véxase Monteagudo, Loredo e Vázquez 2018, “Lingua e Sociedade en Galicia: resumo de resultados 1992-2016”. Páx. 26. Na figura, podemos observar a evolución das prácticas monolingües en galego nos concellos galegos entre 2001 e 2011, o que nos amosa a notable perda de individuos monolingües en galego nos concellos de Ames e Teo, dúas das zonas periurbanas de Compostela que máis aumentaron a poboación nos últimos anos, e que pouco a pouco se converten en áreas castelanzantes.

Continuando coa análise, colocaremos agora o foco nas familias substitutivas, con menor presenza nesta mostra que as mantedoras, mais que teñen un enorme valor en termos de sociolingüística por ser as que exemplifican o proceso que ameaza á lingua galega, como é a perda da transmisión interxeracional. Nesta mostra atopamos 6 familias substitutivas, tres que sufriron dito proceso no paso da X1 á X2 e tres que o experimentaron da X2 á X3. Partindo destes exemplos, analizamos os factores que levaron ás familias a mudar a súa lingua de transmisión.

O perfil das familias substitutivas adoita ser o dunha familia que cambia de residencia dunha zona rural ao núcleo urbano de Santiago de Compostela. A xeración que rompe a cadea de transmisión interxeracional tende a ser, normalmente, a que muda de residencia: o novo ambiente, moito máis castelanzado, provoca que o individuo decida transmitir o castelán aos seus fillos, para que a adaptación ao novo entorno social sexa máis favorable. Por iso, nas familias substitutivas 1-2 o cambio de residencia prodúcese durante a traxectoria vital de X1, nas substitutivas 2-3, na de X2. Ademais, temos que ter en conta outro perfil con presenza, como é o das familias orixinarias de Santiago, que viron de

cerca o proceso de castelanización da cidade, e que romperon a transmisión do galego nos últimos anos (é o caso das familias 184 e 222, tradicionalmente urbanas, que perderon a transmisión da lingua galega no paso da X1 á X2, nas décadas finais do século XX). Nestas familias podemos percibir o cambio dunha cidade con tintes rurais como era Santiago de Compostela nas primeiras décadas do século XX, a unha cidade máis moderna e europea, que semella máis ao modelo de Vigo ou A Coruña. A relación rural-urbano con galego-castelán segue, unha vez máis, moi presente.

Cómpre dicir que a decisión da troca de lingua agocha moitos prexuízos cara a lingua galega en moitos individuos, prexuízos que van dende a necesidade de falar castelán para ter unha boa posición social ata a pouca utilidade que ten o galego nun Estado centralista como é o español. Estes prexuízos non só forman parte do individuo galegofalante, senón que moitas veces son empregados por individuos castelanfalantes como mostra de superioridade social: a X2-222 afirma que seus pais lle transmitiron o castelán por medo a que fose ridiculizada durante a súa infancia; a X1-192 afirma que educou aos seus fillos en castelán ao sentirse ridiculizado durante a súa etapa escolar na cidade. Esta ridiculización ten que ver cos prexuízos xa comentados (galegofalante = persoa pouco instruída, de baixo nivel social, co carácter dunha persoa bruta, de mala educación, etc.), que nos tempos actuais parecen superados, mais que tristemente seguen formando parte do día a día.

En termos xerais, apreciamos nas familias substitutivas unha maior presenza do ambiente urbano, en termos de vivenda, mais tamén de educación, o que parece constatar que a ruptura da cadea de transmisión interxeracional ten maior presenza na cidade de Santiago e en zonas periurbanas (sobretudo naquelas que teñen contacto a nivel académico coa cidade) que nos concellos rurais da comarca. Ademais, podemos afirmar que o cambio de residencia rural-urbano é un dos factores que máis favorecen dita ruptura.

Outros dos perfís maioritarios nas familias en termos de transmisión interxeracional é o das familias recuperadoras. Como xa foi mencionado anteriormente, consideramos familias recuperadoras exclusivamente a aquelas nas que a X2 recibe como lingua de transmisión o castelán e decide transmitir o galego, xa que neste traballo só se estudaron as últimas tres xeracións da familia. O proceso puido acontecer nunha das xeracións posteriores a X1 ou, como tamén foi mencionado, pode producirse nun futuro, tendo en conta a cantidade de individuos recuperadores que podemos atopar na X3. Nesta mostra, atopamos dúas familias con estas características, as familias 273 e 285. En ambas familias

atopamos un individuo na X1 con moitos prexuízos cara ao galego e de forte carácter diglósico: X1-273 é unha persoa que ten moito contacto con ambiente rural e urbano, e muda a súa lingua dependendo do interlocutor, a súa procedencia e o seu estatus social; X1-285 é unha persoa de orixe urbana, á que lle transmitiron o galego e que emprega habitualmente esta lingua, mais que non posúe ningún tipo de identidade cara ao galego e defende o seu uso do castelán cos fillos na “liberdade lingüística” e no falso bilingüismo que xa foi comentado con anterioridade. O individuo da X2 é, en ambos casos, unha persoa que adquire a conciencia lingüística da que carecen os seus antecesores, moitas veces adquirida durante a etapa xuvenil, e comezan a empregar o galego como un símbolo de reivindicación identitaria e de ideoloxía galeguista. Desta maneira, tamén empregarán a dita lingua como lingua de transmisión á X3 e desta maneira restablecer a cadea. Nas dúas familias, a X3 decide manter de maneira consciente o galego como lingua habitual, seguramente influenciada polos valores identitarios e ideolóxicos que lle foron transmitidos por parte da X2. É moi posible, polo tanto, que esta xeración siga transmitindo o galego a xeracións futuras.

Un tipo de familia que case non ten presenza na mostra do traballo é a da familia asimilada. Isto constata o xa comentado panorama lingüístico de Galicia no pasado século, onde o galego era a lingua predominante de case toda a poboación, tendo só unha presenza moi minoritaria en áreas urbanas. Nos pequenos núcleos, só existía un leve contacto co castelán por parte das institucións públicas, e posteriormente foise introducindo co regreso de moitos galegos e galegas da emigración a outras áreas do Estado e ao estranxeiro. O caso da familia asimilada que analizamos na mostra é o primeiro: unha familia na que un dos membros ocupaba un cargo público (concretamente, o de alcalde) nun pequeno núcleo, e decide empregar e transmitirlle o castelán aos fillos como símbolo de prestixio, estatus social e autoridade (os emigrados, en ocasións, tamén empregaban o castelán con este fin, ao medrar economicamente no estranxeiro). Ademais, algúns testemuños de informantes (como o de X2-302) confirman esta tendencia.

Por último, cómpre facer unha pequena referencia ao último tipo de familia, como é o grupo das familias bilingües. Xa foi comentado a raíz da tipoloxía que este último tipo é o menos concreto, xa que o bilingüismo é unha práctica moi estendida en Galicia pero que posúe diferentes graos e matices, xa que o bilingüismo escasas veces chega a ser pleno. Neste plano, imos considerar familias bilingües a aquelas nas que unha xeración recibe indistintamente o galego e o castelán, ben por ter un proxenitor monolingüe en

galego e outro monolingüe en castelán, ou ben por ter un proxenitor que consideramos bilingüe pleno<sup>25</sup>.

Na mostra atopamos dous casos de familias que poden ser consideradas bilingües, as dúas constan do que anteriormente denominamos “parellas bilingualizadoras”. En ambos casos, o membro da X2 é transmisor, polo tanto, que recibiu o galego e transmite o galego á descendencia, mais cría á dita descendencia cunha parella que transmite o castelán. Polo tanto, podemos considerar á X3 como bilingüe inicial, e ao conxunto da familia como bilingüe. Esta estratexia pode ser favorable ou non para o mantemento da transmisión lingüística, xa que, ao recibir o influxo de dúas linguas iniciais, o comportamento do individuo como bilingüe inicial pode ser o de empregar como lingua habitual unha ou outra lingua nun futuro.

Da mesma maneira que comentabamos a situación do falantes funcionais, este bilingüismo tende a ser un falso bilingüismo, e a posición de privilexio do castelán tende a impoñerse sobre o galego favorecida polo contexto escolar e de ocio ao que accede un rapaz da cidade. Por iso, ás familias bilingües non poden ser consideradas como unha vía saudable para o futuro do galego, aínda que o feito de que as dúas linguas formen parte do contexto familiar pode axudar a que a descendencia desenvolva unhas boas actitudes cara ao galego e tente recuperar o seu uso. Os individuos da X3 de ambas familias bilingües poden considerarse falantes funcionais: a da familia 197 emprega máis o castelán, mentres que a da 314 admite falar máis galego. Polo tanto, en base á tipoloxía que establecemos con anterioridade, podemos considerar á familia 197 como bilingüe substitutiva (que ten maior probabilidade de romper a cadea de transmisión no paso á X4) e á 314 como bilingüe mantedora (que ten maior probabilidade de conservar o galego ou, cando menos, as dúas linguas na transmisión á X4).

## 6. CONCLUSIONES

Unha vez expostos e analizados os datos que presentamos neste traballo, podemos esbozar unha aproximación á situación da transmisión interxeracional da lingua galega en Santiago de Compostela desde hai, aproximadamente, 80 anos. A través de tres

---

<sup>25</sup> Podemos considerar como bilingüe pleno un individuo que teña un nivel “intermedio” no “Uso nos 9 ámbitos” que empregan Monteagudo, Loredó e Vázquez (2016, 2018) para clasificar os grupos lingüísticos.

xeracións de galegos e galegas que habitaron en diferentes épocas a comarca, puidemos comprobar como unha área maiormente rural, tradicional e con pouca presenza da lingua castelá deu paso a unha cidade máis moderna e castelanizada, cunha periferia que deixou de ser rural e se converteu en periurbana, moito máis poboada e na que a presenza do castelán tamén está moi normalizada. En base aos testemuños das diferentes xeracións puidemos analizar como os cambios de residencia, as actitudes lingüísticas dos falantes e os diferentes contextos sociais inflúen na transmisión da lingua galega ás xeracións vindeiras, sendo este proceso o único que asegura a presenza do galego no uso cotián da nosa sociedade.

De maneira posterior á análise, é preciso sacar conclusións e sintetizar a resposta á cuestión inicial: cal é situación da transmisión lingüística interxeracional na comarca de Santiago de Compostela? Polo que puidemos observar, a situación é, en xeral, levemente esperanzadora. Aínda que a mostra, de reducido tamaño, poida non representar á totalidade da poboación de Compostela, comprobamos nela que unha boa cantidade de familias seguen a transmitir a lingua galega co paso das xeracións, e que a manteñen viva no seu uso na actualidade. Isto é debido a que o uso familiar, responsable da supervivencia do galego durante tantas décadas de escuridade, segue moi vixente na actualidade, destacando sobre todo nas áreas máis rurais. Con todo, é desesperanzadora a perda do uso do galego nas xeracións máis novas, o que pode provocar que a perda da transmisión interxeracional chegue a estas áreas rurais e periurbanas nas que a lingua parece gozar de certa vitalidade. No tocante ao núcleo urbano de Compostela, a situación parece máis estable: un contexto no que os falantes entraron en contacto co castelán décadas antes provocou o desenvolvemento dun sector da poboación concienciada co uso do galego, que o emprega en todos os ámbitos. Esta conciencia lingüística axuda a que aparezan novos galegofalantes aos que lles foi transmitido o castelán, e que o galego se manteña na xente nova.

A dinámica que máis condiciona a perda da cadea de transmisión interxeracional é, polo que podemos concluír neste traballo, o cambio de residencia rural-urbano e a adaptación a un novo contexto moito máis castelanizado. A estratexia de moitos falantes que chegan á cidade de Santiago de Compostela e arredores desde áreas rurais é a de adoptar a nova lingua maioritaria e converterse en bilingües, facendo prevalecer o castelán na súa vida pública (Monteagudo 2012). Aínda que o cambio non adoita ser radical, observamos como o galego comeza a perder usos progresivamente nestes falantes ata converterse na

lingua familiar que xa mencionamos. Se esta problemática é observable nos falantes adultos, nas xeracións máis novas este proceso é máis acentuado: ao teren un contacto moi intenso co castelán e non teren desenvolver aínda un pensamento consciente arredor da lingua, os galegofalantes iniciais destas áreas urbanas e periurbanas teñen moito contacto co castelán, e tenden a adoptalo, sobre todo, na etapa escolar e nas primeiras relacións sociais. Destacamos, polo tanto, o ensino primario e secundario como elementos profundamente castelanizantes, que en moitos casos provocan a perda de efectividade da transmisión lingüística ao chegar ás xeracións máis novas. Ademais, a falta de ocio en galego na era das novas tecnoloxías (apuntado nas entrevistas por algún membro da X2) provoca que, precisamente estas xeracións, teñan cada vez menos contacto co galego e que o vexan como algo externo á súa vida cotiá.

Polo tanto, podemos concluír que a transmisión interxeracional do galego na comarca de Santiago de Compostela goza de certa vitalidade nas familias dos concellos máis rurais (Boqueixón, Vedra, Val do Dubra) e, pola contra, está decaendo nos concellos máis periurbanos, que están experimentando unha certa urbanización e un notorio aumento da poboación (Ames, Teo, Brión). No núcleo urbano observamos familias, orixinarias da cidade, que manteñen o galego ao longo de xeracións, mais vemos unha clara tendencia á troca de lingua por parte das familias que se trasladan á cidade procedentes doutras áreas. Con todo, é preciso recordar que as cifras de uso do galego en Santiago son as máis favorables de todos os núcleos urbanos de Galicia, sendo tamén a cidade que máis porcentaxe de falantes recuperadores posúe, polo que existe unha certa esperanza que a transmisión do galego se poida estabilizar nos próximos anos.

Cómpre dicir que, finalmente, este traballo anima a continuar a liña de análise, temporal e espacialmente. Por unha banda, sería interesante estudar as familias doutras comarcas urbanas, como poden ser A Coruña ou Vigo, e comparar os datos de transmisión interxeracional cos da comarca de Compostela, para ver as diferenzas e similitudes. Por outra, unha análise continuada no tempo permitiríanos estudar como se comportará nun futuro a que hoxe é entendida como X3 na cadea de transmisión, se aumentará a castelanización da poboación máis nova ou se, pola contra, esa leve recuperación no uso e a conciencia lingüística de moitos falantes permitirá manter o nivel actual de transmisión do galego varias décadas máis.

## BIBLIOGRAFÍA

Arquivo A Lingua das Familias (ALFA) / Instituto da Lingua Galega. Universidade de Santiago de Compostela.

Chamorro, Mónica (2021): “Actitudes lingüísticas, revisión teórica y repercusiones en la enseñanza de lenguas extranjeras”. *Cuadernos de Lingüística Hispánica*, 37, e11841.

López, Anselmo (2013): *Historia de Galicia*. Vigo: Editorial Xerais.

Loredo, Xaquín / Monteagudo, Henrique (2017): “la transmisión intergeneracional del gallego. Comparación con el catalán”, *Treballs de Sociolingüística Catalana*, 27.

Monteagudo, Henrique / Álvarez, Rosario (2012): “Facer país co idioma. Sentido da normalización lingüística”. A Coruña: Real Academia Galega.

Monteagudo, Henrique / Loredo, Xaquín / Vázquez, Martín (2016): *Lingua e sociedade en Galicia: a evolución sociolingüística 1992-2013*. A Coruña: Seminario de Sociolingüística, Real Academia Galega.

Monteagudo, Henrique / Loredo, Xaquín / Vázquez, Martín (2018): *Lingua e sociedade en Galicia: Resumo de resultados 1992-2016*. A Coruña: Seminario de Sociolingüística, Real Academia Galega.

Monteagudo, Henrique (2021): *O idioma galego baixo o franquismo. Da resistencia á normalización*. (Vol. 14). Vigo: Editorial Galaxia.

Nandi, Anik / Monteagudo, Henrique / Loredo, Xaquín (2020): “La transmisión intergeneracional del gallego. Estrategias familiares de mantenimiento y convivencia”. *Hispanismes, Revue de la Société des Hispanistes Français*. 16. Disponible en: <https://journals.openedition.org/hispanismes/782> [13/04/22]

Ramallo, Fernando (2012): “El gallego en la familia entre la producción y la reproducción”, *Caplletra* 53, 167-191. Disponible en: <https://raco.cat/index.php/Caplletra/article/view/267980/363356> [12/04/2022]

Rojo, Guillermo (1981): “Conductas y actitudes lingüísticas en Galicia”, *Revista Española de Lingüística Madrid* 11(2), 269-310. Disponible en: <https://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=41105> [12/04/2022]

Rojo, Guillermo (1985): “Diglosia y tipos de diglosia”, en *Philologica Hispaniensia. In honorem M. Alvar*. Madrid: Gredos, vol. II, páxs. 602-617. Disponible en: [https://gramatica.usc.es/~grojo/Publicaciones/Diglosia\\_tipos\\_diglosia.pdf](https://gramatica.usc.es/~grojo/Publicaciones/Diglosia_tipos_diglosia.pdf) [06/06/2022]

Subiela, Xaime (2010): “O idioma galego. Alarmas e esperanzas”, en Luís Álvarez Pousa (dir.), *Informe Galicia 2010*. Santiago de Compostela: Atlántica de Información e Comunicación de Galicia, 247-270. Disponible en: [http://kit.consellodacultura.gal/web/uploads/adxuntos/arquivo/5440ef8c80624-alarmaseesperanzas\\_subiela.pdf](http://kit.consellodacultura.gal/web/uploads/adxuntos/arquivo/5440ef8c80624-alarmaseesperanzas_subiela.pdf) [12/04/2022]